

MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Psicoloxía

Curso Académico 2019/20

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación por	Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía	28/04/2021
Informe técnico por	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	10/05/2021
Aprobada por	Xunta de Facultade de Psicoloxía	17/06/2021

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	4
2.1. Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	4
Informe de execución do PMA da Facultade de Psicoloxía, 2019-20	5
2.2. Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	25
2.2.1. Grao en Psicoloxía.....	26
2.2.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.	28
2.2.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía.....	29
2.2.4. Máster Universitario en Psicoloxía.	30
2.2.5. Programas en extinción.	31
2.3. Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.....	32
2.3.1. Grao en Psicoloxía.....	34
2.3.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.	37
2.3.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía.....	39
2.3.4. Máster Universitario en Psicoloxía.	41
2.4. Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.	43
2.4.1. Persoal académico.	43
2.5. Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	50
2.5.1. Infraestruturas e recursos materiais.....	50
2.5.1. Servizos	52
2.6. Directriz 6. Información pública.....	55
3. Plan de Melloras Anual da Facultade de Psicoloxía, 2020-21.	56
3.1. Obxectivos de calidade e accións de mellora relacionadas.....	56
3.2. Cadro resume de relación Obxectivos estratéxicos – Obxectivos de calidade, 2020-21 – PMA, 2020-21.....	65
4. Modificacións nos títulos adscritos á Facultade.....	69
5. Listaxe de evidencias e indicadores.....	70
5.1. Documentos e informes.	70
5.2. indicadores dispoñibles.	74

1. Introducción.

A Memoria de Calidade da Facultade de Psicoloxía é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora*, do SGC da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Nesta ocasión preséntase o documento correspondente ao curso 2019-20, sen dúbida un curso extraordinario por canto se viu afectado de pleno, e de modo completamente imprevisto, pola crise sanitaria derivada da pandemia por COVID-19.

O documento organízase, como en anos anteriores, en dous capítulos principais: *Seguimento do SGC e dos seus resultados*, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e *Plan de Melloras Anual*, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadalos. A estes dous capítulos principais engádense outros dous, de carácter instrumental: un no que se rexistran as modificacións introducidas nas titulacións obxecto desta memoria, e outro que recolle a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.

Antes de desenvolver eses capítulos, e para unha adecuada contextualización dos mesmos, exponse, nesta introdución, a estrutura xeral da Facultade: titulacións oficiais adscritas e órganos responsables do seu desenvolvemento.

Na Facultade de Psicoloxía da USC, no curso obxecto desta memoria (2019-20) impartíronse os seguintes estudos:

- Grao en Psicoloxía (GPs). Código RUCT 2500462; Código USC G2011.
- Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria (MUPXS). Código RUCT 4314481; Código USC P2151.
- Máster Universitario en Psicoxerontoloxía (MUPXer) (Código RUCT 4314476; Código USC P2171), interuniversitario coas universidades de Barcelona (UB), Salamanca (USal) e Valencia (UV), coordinado pola USC.
- Máster Universitario en Psicoloxía (MUPs), coas especialidades de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria e de Psicoloxía Experimental (Código RUCT 4317022; código USC P3411), que se puxo en marcha nese curso.
- Máster Universitario en Estudos Avanzados da Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (MUEALCP). Código RUCT 4313558; Código USC P3322. Interuniversitario coas universidades de A Coruña (coordinadora), Salamanca e Zaragoza, na USC ofértase con periodicidade bienal, e en 2019-20 non foi ofertado. Ademais, ese mesmo curso foi acordada a súa retirada da oferta e consecuente extinción a partir do curso seguinte.

En extinción:

- Máster Universitario en Psicoloxía Educativa: Desenvolvemento e Aprendizaxe (MUPEDA). Código RUCT 4315196; Código USC P2181. Último ano de oferta para estudantes matriculados en cursos anteriores.

O número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia nos mesmos no curso de referencia foi o seguinte:

Titulación	estudantes	docentes
Grao en Psicoloxía	740	76 (máis 18 investigadores en formación)
MUPXS	66	25
MUPXer	8	12 (USC) (máis 3 profesores ou profesionais externos)
MUPs	17	28 (máis 6 profesores ou profesionais externos)
MUEALCP(*)	4	2 (USC)
MUPEDA (*)	4	1

(*) En 2019-20 o MUEALPC e o MUPEDA só teñen matrícula de persoas que iniciaran os seus estudo en cursos anteriores.

O persoal de administración e servizos da Facultade de Psicoloxía ascende a un total de 27 traballadores:

Área de administración	7
Área de conserxería	6
Área de biblioteca	11

Nota: o persoal de conserxería e o de biblioteca está adscrito conxuntamente ás Facultades de Psicoloxía e de CC. da Educación

Os órganos para o desenvolvemento do SGC, son os seguintes:

Unipersoais:

- Decana / Responsable de Calidade
- Coordinadora de Calidade
- Coordinadores/as de Título

Colexiados:

- Equipo decanal
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- Comisións de Título (CT). No caso de interuniversitarios, CT da USC e Comisión de Coordinación Interuniversitaria (CCI)

Por riba deles, a **Xunta de Facultade**, o órgano estatutario colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da memoria de calidade, así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A Facultade de Psicoloxía conta con Acreditación Institucional conforme ao establecido no RD 420/2015, de 29 de maio e a Resolución da *Secretaría General de Universidades* de 7 de marzo de 2018 que a desenvolve. Esta acreditación foi outorgada por Resolución do *Consejo de Universidades* de 28 de febreiro de 2019, unha vez que a implantación do SGC da Facultade de Psicoloxía fora certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) en xuño de 2018, e tres dos títulos dos que é responsable (aqueles que correspondía someter ao proceso) tiñan renovada a súa acreditación en 2016 (GPs) e 2018 (MUPXS e MUPXer).

De acordo co procedemento establecido para a elaboración desta memoria (PE-02 do SGC), as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos durante o curso 2019-20, así como as súas propostas de obxectivos de calidade/accións de mellora, todo iso a partir dos informes e indicadores proporcionados pola responsable de calidade. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e elaborou o Plan de melloras anual (PMA). O documento final, a Memoria de Calidade, foi enviada á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a súa avaliación técnica e sometida a aprobación da Xunta de Facultade. Finalmente, deuse traslado á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC para a súa aprobación final e remisión á ACSUG. Unha vez aprobada, a Memoria faise pública a través da web da Facultade.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.

2.1. Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.

Estándar: O centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro.
- O grao de execución e eficacia do Plan de melloras anual (PMA): grao de cumprimento dos obxectivos de calidade e grao de execución das accións de mellora.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- No caso de títulos interuniversitarios, a coordinación en todos os centros participantes das accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

A Facultade de Psicoloxía conta cunha [Política de Calidade¹](#) que, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, se dá a coñecer aos grupos de interese e á sociedade en xeral mediante a publicación na páxina web do Centro. Esta Política revísase con periodicidade, e actualízase, cando menos, cando se renova o equipo de dirección. A versión actual, de 2018, está plenamente vixente.

Así mesmo, a Facultade de Psicoloxía contaba, no ano obxecto desta Memoria, cun Plan Estratéxico (PE), que, aprobado en 2011, finalizaba en 2020. De acordo co *proceso PE-01, Planificación estratéxica*, do SGC, a vixencia do PE ten o mesmo horizonte temporal, como máximo, do Plan Estratéxico da USC, co que debe estar aliñado. No curso 2019-20 iniciouse o deseño dun novo PE, tal e como se establecera no PMA para ese curso (obxectivo de calidade OC-1, acción de mellora AM_C-1).

A comezos de 2020, a chegada da pandemia pola COVID-19, a crise sanitaria e as medidas de restrición da actividade social, académica e profesional, levaron á USC a ter que alterar a súa planificación. Así, o PE da institución, que finalizaba en 2020, foi prorrogado até 2022 e se estableceu que as Facultades debían, ou ben prorrogar os seus propios PE, coas actualizacións necesarias, , ou ben elaborar os novos cunha vixencia limitada a 2022. Posto que a Facultade de Psicoloxía xa iniciara nese momento o proceso de elaboración do novo plan, decidiu, a proposta da CCC aprobada pola Xunta de Facultade, elaborar un novo PE, 2021-2022. A alteración do calendario provocada pola crise sanitaria demorou, en todo caso, a súa aprobación, ao último trimestre do ano 2020, o que formalmente o localiza no curso 2020-21.

Así, o novo PE foi aprobado pola CCC en reunión de 01/12/2020 e pola Xunta de Facultade en reunión de 22/12/2020. Foi trasladado á Vicerreitoría de Calidade e finalmente aprobado pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021

Este novo [Plan Estratéxico, 2021-22](#) está publicado, de acordo co proceso *PS-06, Información pública*, do SGC, no sitio web da Facultade de Psicoloxía.

¹ Nota: No momento da aprobación desta Memoria, a web da Facultade estaba a ser migrada a un sitio novo cun deseño distinto. Se ben as ligazóns que aquí se inclúen se corresponden a este novo sitio, non é posible garantir que sexn as URL definitivas, polo que existe o risco de que, pasado un tempo, non funcionen.

Outro elemento que é necesario avaliar en relación co desenvolvemento da política de calidade é o **grao de execución e eficacia do Plan de melloras anual (PMA)** levado a cabo durante o curso obxecto desta memoria (2019-20).

Este plan estruturouse en 11 obxectivos de calidade que levaron asociadas un total de 13 accións de mellora. Boa parte delas executáronse a nivel de Centro, por afectar ao conxunto do sistema ou a varios programas formativos. Algunhas outras foron específicas dalgunha titulación, polo que foron executadas, en primeira instancia, polos órganos dos títulos (CT e coordinador/a), co apoio do equipo decanal.

O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos realízao a CCC. A continuación insírese o informe de execución, aprobado o 10 de febreiro de 2021. Como se pode ver nel, as accións foron executadas nun moi alto grao, habida conta da crítica alteración do curso académico acaecida a partir do mes de marzo de 2020.

Informe de execución do PMA da Facultade de Psicoloxía, 2019-20 (aprobado pola Comisión de Calidade o 10/02/2021)

No momento en que se elaborou a Memoria de Calidade, e con ela o PMA da Facultade para o curso 2019-20, a actividade da USC (docente, investigadora, de xestión e laboral en xeral) xa estaba a desenvolverse telematicamente e en condicións restrinxidas debido ao estado de alarma e confinamento por causa da pandemia do COVID-19. As restricións, se ben con menor rixidez, mantivéronse até a finalización do curso.

Por este motivo, algunhas das accións deste Plan tiveron que ser adiadas para o vindeiro curso ou reformuladas. En particular, as accións AM_C-10, e AM_C-13.

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-1, Contar cun Plan Estratéxico que defina as prioridades da Facultade de Psicoloxía para o vindeiro período en liña co plan estratéxico da USC.			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Desenvolvemento e actualización da Política e do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade		
Procesos chave relacionados	PE-01, Planificación estratéxica		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-1. Elaborar o novo Plan Estratéxico da Facultade.		
Indicador/es de medición	Plan estratéxico aprobado (si/non)	Meta a conseguir:	Dispoñer dun plan estratéxico actualizado
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor do/s indicador/es	Novo PE		
Grao de consecución da meta:	Alto. Elaborouse o PE		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-1
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2018-19
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.
Análise causa	Finalización da vixencia do plan estratéxico 2010-2020.

Definición/ descrición proposta	Elaborar o novo Plan Estratéxico (PE) da Facultade.
Datas	Finalización: 22/12/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Data Estado: 22/12/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	<p>A situación excepcional derivada da pandemia de COVID-19, e outros condicionantes, levaron a prorrogar o plan estratéxico USC. Dado que os plans estratéxicos dos Centros deben ter a mesma vixencia, ditouse unha Resolución Reitoral (07/10/2020) determinando que os Plans Estratéxicos dos Centros deben ser prorrogados ou renovados cando cheguen ao seu fin, pero limitando a súa vixencia a 2022.</p> <p>A CCC aprobou optar pola elaboración dun novo PE, posto que xa estaba proceso de elaboración. O proxecto foi aprobado pola CCC (04/12/2020), sometido a exposición pública ao tempo que a informe técnico da ACMP, e aprobado pola Xunta de Facultade (22/12/2020). Ao remate do ano queda, pois só pendente da súa aprobación pola CCDCG no mes de xaneiro de 2021.</p>
Data Comprobación	22/12/2020
Incidencias	Resolución Reitoral de prórroga dos PE dos Centros
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-1.1.
Descrición tarefa	Elaboración da proposta de PE pola CCC, aprobación pola Xunta de Facultade
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	<p>A situación excepcional derivada da pandemia de COVID-19, e outros condicionantes, levaron a prorrogar o plan estratéxico USC. Dado que os plans estratéxicos dos Centros deben ter a mesma vixencia, ditouse unha Resolución Reitoral (07/10/2020) determinando que os Plans Estratéxicos dos Centros deben ser prorrogados ou renovados cando cheguen ao seu fin, pero limitando a súa vixencia a 2022.</p> <p>A CCC aprobou optar pola elaboración dun novo PE, posto que xa estaba proceso de elaboración. O proxecto foi aprobado pola CCC (04/12/2020), sometido a exposición pública ao tempo que a informe técnico da ACMP, e aprobado pola Xunta de Facultade (22/12/2020). Ao remate do ano queda, pois só pendente da súa aprobación pola CCDCG no mes de xaneiro de 2021.</p>
Data Comprobación	22/12/2020
Incidencias	Resolución Reitoral de prórroga dos PE dos Centros
Axustes/Novas Tarefas	

OBXECTIVO DE CALIDADE

OC-2, Manter actualizado o SGC da Facultade.

RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Desenvolvemento e actualización da Política e do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade		
Procesos chave relacionados	PE-02, Revisión e mellora		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-2. Revisar e, se é o caso axustar, o proceso PC-04 do SGC.		
Indicador/es de medición	Nº de actualizacións do SGC	Meta a conseguir:	Manter o SGC, a súa documentación e procesos, actualizados
Valor do/s indicador/es	1		
Grao de consecución da meta:	Alto. Realizouse a actualización prevista.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-2
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2018-19
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.
Análise causa	Necesidade de revisión e actualización continua do SGC.
Definición/ descrición proposta	Revisar e, se é o caso axustar, o proceso PC-04 do SGC.
Datas	Finalización: 13/11/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 13/11/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Actualizouse o proceso PC-04 tras incorporar os cambios que se foron producindo nos dous últimos anos en normativas e procedementos. Aprobouse en reunión da CCC de día 12/11/2020 e, tras comunicación á ACMP, aprobouse na Xunta de Facultade o 22/12/2020 e trasladouse á CCDCG. Entrará en vigor cando esta emita informe favorable (previsto xaneiro 2020).
Data Comprobación	22/12/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-2.1
Descrición tarefa	Revisar e, se é o caso axustar, o proceso PC-04 do SGC.
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada.
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Actualizouse o proceso PC-04 tras incorporar os cambios que se foron producindo nos dous últimos anos en normativas e procedementos. Aprobouse en reunión da CCC de día 12/11/2020 e, tras comunicación á ACMP, aprobouse na Xunta de Facultade o 22/12/2020. Entrará en vigor cando esta emita informe favorable (previsto xaneiro 2020).

Data Comprobación	22/12/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBJECTIVO DE CALIDADE			
OC-3, Manter actualizados os programas formativos, mediante a supervisión do cumprimento e, no seu caso, a modificación, das memorias de verificación dos títulos (MVT).			
RESPONSABLE DO OBJECTIVO: Decana		DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Manter unha oferta formativa actualizada para dar resposta ás necesidades formativas do contorno social e económico no ámbito da Psicoloxía		
Procesos chave relacionados	PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas PE-02, Revisión e mellora		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-3. Modificar a MVT do Grao en Psicoloxía para adaptala á OM de 5 de decembro de 2018 pola que se regulan as condicións xerais ás que se axustarán os plans de estudos de Grao en Psicoloxía.		
Indicador/es de medición	Culminación dos trámites de modificación que se inicien (si/non)	Meta a conseguir:	Manter actualizada a oferta de programas formativos
Valor do/s indicador/es	Si.		
Grao de consecución da meta:	Alto. Realizouse a modificación prevista.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-3
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2018-19
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
Análise causa	Necesidade de adaptar a MVT de Grao en Psicoloxía da USC á lexislación vixente aprobada na orde ministerial do 5 de decembro de 2018
Definición/ descrición proposta	Modificación da MVT do Grao en Psicoloxía para adaptala á OM de 5 de decembro de 2018 pola que se regulan as condicións xerais ás que se axustarán os plans de estudos de Grao en Psicoloxía.
Datas	Finalización: 13/11/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 13/11/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Aprobase a proposta de modificación da MVT do Grao en reunión da CT e da Xunta de Facultade (17/01/2020). Foi aprobada polo Consello de Goberno da USC (07/02/2020) e informada favorablemente pola ACSUG (20/04/2020). Pendente só a tramitación polo Consejo de Universidades para a súa inscrición no RUCT, entra en vigor no curso 2020-21. A CCC revisou e ratificou os cambios menores, non substanciais, derivados do seguimento anual do título na reunión de 04/12/2020.
Data Comprobación	22/12/2020

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-3.1
Descrición tarefa	Aprobación da proposta de modificación da MVT pola Comisión do Título de Grao e pola Xunta de Facultade e tramitación aos órganos superiores correspondentes.
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada.
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Aprobouse a proposta de modificación da MVT do Grao en reunión da CT e da Xunta de Facultade (17/01/2020). Foi aprobada polo Consello de Goberno da USC (07/02/2020) e informada favorablemente pola ACSUG (20/04/2020). Pendente só a tramitación polo Consejo de Universidades para a súa inscrición no RUCT, entra en vigor no curso 2020-21. A CCC revisou e ratificou os cambios menores, non substanciais, derivados do seguimento anual do título na reunión de 04/12/2020.
Data Comprobación	22/12/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBJECTIVO DE CALIDADE			
OC-4, Contar con información sobre a satisfacción dos grupos de interese.			
RESPONSABLE DO OBJECTIVO: Decana		DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Orientación enfocada ás necesidades do estudiantado. Mellora da información sobre satisfacción, expectativas e necesidades.		
Procesos chave relacionados	PC-03, Apoio aos estudantes		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-4. Obter índices de satisfacción asociados ao curso de recursos de biblioteca e competencias informacionais para os/as estudantes de TFG.		
Indicador/es de medición	Aplicación da enquisa (si/non)	Meta a conseguir:	Contar con información sobre satisfacción de todos os aspectos relevantes do programa formativo
Valor do/s indicador/es	Si		
Grao de consecución da meta:	Alto. Obtívose a información de satisfacción requirida.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-4
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2018-19
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Análise causa	Non se dispón de enquisas de satisfacción sobre o curso obrigatorio de biblioteca para as persoas matriculadas en TFG por primeira vez
Definición/ descrición proposta	Deseño e administración de enquisa de satisfacción sobre o curso obrigatorio de biblioteca para as persoas matriculadas en TFG.
Datas	Finalización: 30/09/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 30/09/2020
Responsables	Santiago Galdo Álvarez
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Deseñouse e administrouse unha enquisa de satisfacción sobre o curso o obrigatorio de biblioteca para as persoas matriculadas en TFG. Os resultados poderán terse en conta no seguimento do curso 2019-20.
Data Comprobación	30/09/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-4.1
Descrición tarefa	Deseño e administración de enquisa de satisfacción sobre o curso obrigatorio de biblioteca para as persoas matriculadas en TFG.
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Santiago Galdo Álvarez
Estado	Executada.
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Deseñouse e administrouse unha enquisa de satisfacción sobre o curso o obrigatorio de biblioteca para as persoas matriculadas en TFG. Os resultados poderán terse en conta no seguimento do curso 2019-20.
Data Comprobación	30/09/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE		
OC-5, Axuste no número de estudantes recibidos no Grao por mobilidade entrante.		
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador de Título de Grao	DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Axuste da mobilidade entrante do estudantado	
Procesos chave relacionados	PC-02. Planificación das ensinanzas	
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-5. Establecer un límite de prazas de mobilidade entrante no Grao en Psicoloxía.	
Indicador/es de medición	IN18G	Meta a conseguir: Valor máximo: 5 %
Valor do/s indicador/es	6.49	
Grao de consecución da meta:	Medio. Reduciuse a %, pero non se acadou o valor umbral desexado.	

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-5
Orixe	Memoria de Calidade, 2018-19
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Nos últimos anos produciuse un incremento gradual no número de estudantes de mobilidade entrante no Grao en Psicoloxía a través de convenios bilaterais, que está a causar un impacto excesivo nos grupos de docencia interactiva de determinadas materias, sen posibilidade de prevelo no momento da planificación do curso.
Definición/ descrición proposta	Limitar o número de estudantes entrantes no Grao en Psicoloxía a través do programa de Convenios Bilaterais da USC.
Datas	Finalización: 30/09/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 30/09/2020
Responsables	Ana López Durán
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Limitouse o número de estudantes entrantes no Grao en Psicoloxía a través do programa de Convenios Bilaterais da USC a un estudante por centro con convenio.
Data Comprobación	30/09/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-5.1
Descrición tarefa	Limitar o número de estudantes entrantes no Grao en Psicoloxía a través do programa de Convenios Bilaterais da USC
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Ana López Durán
Estado	Executada.
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Limitouse o número de estudantes entrantes no Grao en Psicoloxía a través do programa de Convenios Bilaterais da USC a un estudante por centro con convenio.
Data Comprobación	30/09/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE		
OC-6, Manter unha adecuada atención ao alumnado con necesidades específicas.		
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Coordinador de Título de Grao	DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Orientación enfocada ás necesidades do estudiantado.	
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes	

Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-6. Nomear os/as coordinadores/as de curso como tutores/as académicos/as do estudiantado deportista de alto nivel que se atope en cada curso do Grao en Psicoloxía.		
Indicador/es de medición	% de persoas atendidas sobre demandantes.	Meta a conseguir:	100% das persoas con necesidades específicas atendidas
Valor do/s indicador/es	100%		
Grao de consecución da meta:	Alto. Atendeuse á totalidade das persoas acreditadas		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6
Orixe	Memoria de Calidade, 2018-19.
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Incremento do número de deportistas de alto nivel no Grao en Psicoloxía
Definición/ descrición proposta	Nomear aos/ás coordinadores/as de curso como tutores/as académicos/as do estudiantado deportista de alto nivel que se atope en cada curso do Grao en Psicoloxía.
Datas	Finalización: 30/09/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 30/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Recibidas dúas acreditacións de estudantes de primeiro curso como deportistas de alto nivel, nomeouse á coordinadora dese curso como titora académica.
Data Comprobación	30/09/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-6.1
Descrición tarefa	Nomear aos/ás coordinadores/as de curso como tutores/as académicos/as do estudiantado deportista de alto nivel que se atope en cada curso.
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada.
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Recibidas dúas acreditacións de estudantes de primeiro curso como deportistas de alto nivel, nomeouse á coordinadora dese curso como titora académica.
Data Comprobación	30/09/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBJECTIVO DE CALIDADE		
OC-7, Elevar a porcentaxe de participación nas enquisas de satisfacción.		
RESPONSABLE DO OBJECTIVO: Coordinador de Título de Grao	DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Mellora da información sobre satisfacción, expectativas e necesidades.	
Procesos chave relacionados	PS-04. Satisfacción, expectativas, necesidades.	
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-7. Diseñar e executar iniciativas que fomenten a participación de estudantado avaliado por titor/a na enquisa de satisfacción co TFG.	
Indicador/es de medición	Taxa de participación na enquisa propia TFG	Meta a conseguir: Incremento do 15 % na taxa de participación.
Valor do/s indicador/es	67.86% (convocatoria de xullo)	
Grao de consecución da meta:	Baixo. Incrementouse a participación nun 4%, por baixo do previsto.	

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-7
Orixe	Memoria de Calidade 2018-19.
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Detectouse un descenso na taxa de resposta do estudantado na enquisa de satisfacción co TFG.
Definición/ descrición proposta	Diseñar e executar iniciativas que fomenten a participación de estudantado avaliado por titor/a na enquisa de satisfacción co TFG.
Datas	Finalización: 30/09/2020 / Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 30/09/2020
Responsables	Santiago Galdo Álvarez
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Deseñouse e administrouse unha enquisa online para todo o estudantado avaliado por titor/a. Na convocatoria de xullo, recibíronse 76 cuestionarios das 112 defensas realizadas (taxa de participación: 67.86%).
Data Comprobación	30/09/2020
Incidencias	Por motivo do estado de alarma derivado da Covid-19, todas as defensas foron ante titor/a e telemáticas, polo que non se puideron levar a cabo iniciativas presenciais para incrementar a participación.
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-7.1
Descrición tarefa	Diseñar e executar iniciativas que fomenten a participación de estudantado avaliado por titor/a no TFG nas enquisas de satisfacción co mesmo.
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Santiago Galdo Álvarez
Estado	Executada.
Comprobación Tarefa	

Descrición Comprobación	Deseñouse e administrouse unha enquisa online para todo o estudiantado avaliado por titor/a. Na convocatoria de xullo, recibíronse 76 cuestionarios das 112 defensas realizadas (taxa de participación: 67.86%).
Data Comprobación	30/09/2020
Incidencias	Por motivo do estado de alarma derivado da Covid-19, todas as defensas foron ante titor/a e telemáticas, polo que non se puideron levar a cabo iniciativas presenciais para incrementar a participación.
Axustes/Novas Tarefas	--

OBJECTIVO DE CALIDADE			
OC-8, Lograr maior equilibrio na distribución das probas de avaliación final do Grao en Psicoloxía.			
RESPONSABLE DO OBJECTIVO: Secretaria da Facultade		DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Mellora da docencia centrada no alumnado		
Procesos chave relacionados	PC-02. Planificación das ensinanzas		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-8. Ordenar as datas de exames, na planificación académica do Grao en Psicoloxía para o curso 2020-21, alternando na medida do posible exames de materias en función do peso do exame final na avaliación.		
Indicador/es de medición	Axustes no calendario de exames aprobado en 2019-20 (si/non)	Meta a conseguir:	Ordenación dos exames máis equilibrada
Valor do/s indicador/es	Si		
Grao de consecución da meta:	Alto. Axustouse o calendario segundo o previsto.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-8
Orixe	Memoria de calidade, 2018-19.
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	As enquisas de satisfacción coa titulación e a enquisa de boas prácticas en materias con aumento no número de suspensos sinalan a importancia da distribución dos exames no rendemento académico.
Definición/ descrición proposta	Ordenar as datas de exames, na planificación académica do Grao en Psicoloxía para o curso 2020-21, alternando na medida do posible exames de materias en función do peso do exame final na avaliación.
Datas	Finalización: 29/07/2020 / Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 29/07/2020
Responsables	Montserrat Martín Rajo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	O calendario de exames para o curso 2020-21 ordenouse en función do peso do exame final segundo a programación docente do curso 2019-20.

Data Comprobación	30/09/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-8.1
Descrición tarefa	Ordenar as datas de exames, na planificación académica do Grao en Psicoloxía para o curso 2020-21, alternando na medida do posible exames de materias en función do peso do exame final na avaliación.
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Montserrat Martín Rajo
Estado	Executada.
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	O calendario de exames para o curso 2020-21 ordenouse en función do peso do exame final segundo a programación docente do curso 2019-20.
Data Comprobación	30/09/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBJECTIVO DE CALIDADE			
OC-9, Dispoñer de infraestrutura de conexión suficiente para o uso das TIC na docencia			
RESPONSABLE DO OBJECTIVO: Decana		DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Decembro 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento da infraestrutura e instalacións para a docencia acorde coas necesidades		
Procesos chave relacionados	PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-9. Executar a terceira fase da dotación de tomas de corrente nas aulas.		
Indicador/es de medición	Nº de aulas con ampliación de tomas	Meta a conseguir:	Dotación suficiente de tomas de corrente en dúas novas aulas
Valor do/s indicador/es	2 aulas		
Grao de consecución da meta:	Alto. Completouse a 3ª fase conforme ao previsto (2 aulas)		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-10. Completar o reforzamento da cobertura da rede sen fíos para atender ao incremento de uso que se está a producir.		
Indicador/es de medición	Incidencias por insuficiencia <i>wifi</i>	Meta a conseguir:	0 incidencias
Valor do/s indicador/es	Non procede. A suspensión da actividade presencial por mor do estado de alarma, fixo innecesario o uso da wifi durante boa parte do curso académico		
Grao de consecución da meta:	Non procede.		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-9
Orixe	Informe de Seguimento

Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	O Centro está a mellorar progresivamente, segundo os recursos económicos dispoñibles, as súas instalacións co obxectivo de manter unha dotación adecuada ás necesidades da docencia. Os/as estudantes solicitan seguir aumentando o número de tomas de corrente nas aulas que faciliten a incorporación dos ordenadores portátiles no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Definición/ descrición proposta	Executar a terceira fase da dotación de tomas de corrente nas aulas e laboratorios docentes.
Datas	Finalización: 30/09/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 13/11/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Instaláronse tomas de corrente (tantas como postos) en 2 aulas máis, completando a 3ª fase segundo o previsto.
Data Comprobación	13/11/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-9.1
Descrición tarefa	Executar a terceira fase da dotación de tomas de corrente nas aulas e laboratorios docentes.
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Instaláronse tomas de corrente (tantas como postos) en 2 aulas máis, completando a 3ª fase segundo o previsto.
Data Comprobación	13/11/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-10
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	O Centro está a mellorar progresivamente, segundo os recursos económicos dispoñibles, as súas infraestruturas e recursos co obxectivo de responder ás demandas relacionadas coa mellora do desenvolvemento do proceso ensinanza-aprendizaxe. En paralelo á acción de mellora encamiñada a facilitar o uso de ordenadores dispoñibles por parte do alumnado nos espazos docentes, considérase necesario ampliar a cobertura da rede sen fíos nas aulas

Definición/ descripción proposta	Completar o reforzamento da cobertura da rede sen fíos para atender ao incremento de uso que se está a producir.
Datas	Finalización: 13/11/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 13/11/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Non se realizou ningunha intervención. A suspensión da actividade presencial na Facultade desde o mes de marzo fixo innecesaria a wifi.
Data Comprobación	13/11/2020
Incidencias	Suspensión da actividade presencial no centro a partir de marzo.
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-10.1
Descrición tarefa	Completar o reforzamento da cobertura da rede sen fíos para atender ao incremento de uso que se está a producir.
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Non se realizou ningunha intervención. A suspensión da actividade presencial na Facultade desde o mes de marzo fixo innecesaria a wifi.
Data Comprobación	13/11/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-10, Manter unha dotación adecuada de equipamento para a docencia			
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana		DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento de infraestruturas e instalacións para a docencia acorde coas necesidades		
Procesos chave relacionados	PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos		
Indicador/es de medición	Nº de equipos renovados	Meta a conseguir:	Equipos funcionais e actualizados en todos os espazos docentes
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM_C-11. Continuar coa renovación progresiva, segundo necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, de equipos informáticos, audiovisuais e de laboratorio para a docencia.		
Valor do/s indicador/es	5 ordenadores, 14 videoproxectores, 1 sistema de videoconferencia portátil.		
Grao de consecución da meta:	Alto. Todos os espazos docentes de uso xeral contan con equipos funcionais e actualizados.		

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-11
Orixe	Memoria de Calidade, 2018-19
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	O Centro debe atender progresivamente, segundo os recursos económicos dispoñibles, á renovación e actualización do equipamento técnico para a docencia.
Definición/ descrición proposta	Continuar coa renovación progresiva, segundo necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, de equipos informáticos, audiovisuais e de laboratorio para a docencia.
Datas	Finalización: 13/11/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 13/11/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Dotáronse novos equipos, para ir substituíndo aos máis antigos ou deficientes, en cantidade suficiente para manter o equipamento funcional e actualizado.
Data Comprobación	13/11/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-11.1
Descrición tarefa	Renovación de equipamento docente.
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Dotáronse novos equipos, para ir substituíndo aos máis antigos ou deficientes, en cantidade suficiente para manter o equipamento funcional e actualizado.
Data Comprobación	13/11/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

OBXECTIVO DE CALIDADE		
OC-11, Dispoñer de espazos e instalacións que atendan ás necesidades do estudiantado		
RESPONSABLE DO OBXECTIVO: Decana	DATA INICIO: Setembro 2019	DATA FIN: Xullo 2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento da infraestrutura e instalacións para a docencia acorde coas necesidades Optimización do uso de espazos	
Procesos chave relacionados	PC-03, Apoio aos estudantes PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos	
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-12. Colocación de taquillas para o alumnado nas zonas de aulas.	

Indicador/es de medición	Dotación de taquillas	Meta a conseguir:	Contar taquillas para estudantes
Valor do/s indicador/es	24 taquillas		
Grao de consecución da meta:	Alto		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-13. Adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida en todas as aulas (2ª fase).		
Indicador/es de medición	Aulas con postos adaptados	Meta a conseguir	Adaptación, nesta fase, de 2 novas aulas
Valor do/s indicador/es	0		
Grao de consecución da meta:	Baixo; non se puido acometer		

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-12
Orixe	Memoria de Calidade, 2018-19
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	O Centro está a atender progresivamente, segundo os recursos económicos dispoñibles, ás demandas de recursos, infraestruturas ou servizos do alumnado para favorecer o adecuado desenvolvemento do proceso ensinanza-aprendizaxe.
Definición/ descrición proposta	Colocación de taquillas para o alumnado nas zonas de aulas.
Datas	Finalización: 13/11/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Eficaz; Data Estado: 13/11/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Colocáronse sendos conxuntos de taquillas nos dous edificios de aulas, atendendo á solicitude dos estudantes.
Data Comprobación	13/11/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa 1	AM_C-12.1
Descrición tarefa	Colocación de taquillas para o alumnado nas zonas de aulas.
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Colocáronse sendos conxuntos de taquillas nos dous edificios de aulas, atendendo á solicitude dos estudantes.
Data Comprobación	13/11/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-13
Orixe	Memoria de Calidade, 2018-19
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	Aínda que todas as aulas son accesibles, a localización dos postos para persoas con mobilidade reducida non están ben integrados.
Definición/ descrición proposta	Adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida en todas as aulas (2ª fase).
Datas	Finalización: 13/11/2020 / Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia: Non; Data Estado: 13/11/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo
Comprobación Acción	
Descrición Comprobación	Non se puido acometer conforme ao previsto, debido ao recorte no crédito dispoñible ao ter que derivar boa parte dos fondos do Centro a necesidades urxentes derivadas da emerxencia por COVID-19.
Data Comprobación	13/11/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM_C-13.1
Descrición tarefa	Adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida en todas as aulas (2ª fase).
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Lourdes Mirón Redondo
Estado	Non executada
Comprobación Tarefa	
Descrición Comprobación	Non se puido acometer conforme ao previsto, debido ao recorte no crédito dispoñible ao ter que derivar boa parte dos fondos do Centro a necesidades urxentes derivadas da emerxencia por COVID-19.
Data Comprobación	13/11/2020
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

Cadro resume de relación Obxectivos estratéxicos – Obxectivos de calidade, 2019-20 – Plan de Melloras, 2019-20².

Obxectivos estratéxicos (OE)	Obxectivos de calidade (OC), 2019-20	Plan de melloras (accións, AM), 2019-20
OE- Desenvolvemento e actualización da Política e do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade. [D1]	OC-1. Contar cun Plan Estratéxico que defina as prioridades da Facultade de Psicoloxía para o vindeiro período en liña co plan estratéxico da USC.	AM_C-1. Elaborar o novo Plan Estratéxico da Facultade.
	OC-2. Manter actualizado o SGC da Facultade	AM_C-2. Revisar e, se é o caso axustar, o proceso PC-04 do SGC.
OE- Manter unha oferta formativa actualizada para dar resposta ás necesidades formativas do contorno social e económico no ámbito da Psicoloxía. [D2]	OC-3. Manter actualizados os programas formativos, mediante a supervisión do cumprimento e, no seu caso, a modificación, das memorias de verificación dos títulos (MVT).	AM_C-3. Modificar a MVT do Grao en Psicoloxía para adaptala á OM de 5 de decembro de 2018 pola que se regulan as condicións xerais ás que se axustarán os plans de estudos de Grao en Psicoloxía.
OE- Mellora da información sobre satisfacción, expectativas e necesidades [todas].	OC-7. Elevar a porcentaxe de participación nas enquisas de satisfacción.	AM_C-7. Deseñar e executar iniciativas que fomenten a participación de estudiantado avaliado por titor/a na enquisa de satisfacción co TFG.
	OC-4. Contar con información sobre a satisfacción dos grupos de interese.	AM_C-4. Obter índices de satisfacción asociados ao curso de recursos de biblioteca e competencias informacionais para os/as estudantes de TFG.
OE- Orientación enfocada ás necesidades do estudiantado. [D3]	OC-6. Manter unha adecuada atención ao alumnado con necesidades específicas.	AM_C-6. Nomear os/as coordinadores/as de curso como titores/as académicos/as do estudiantado deportista de alto nivel que se atopen en cada curso do Grao en Psicoloxía.
OE- Axuste da mobilidade entrante do estudiantado. [D3]	OC-5. Axuste no número de estudantes recibidos no Grao por mobilidade entrante.	AM_C-5. Establecer un límite de prazas de mobilidade entrante no Grao en Psicoloxía.

² Nos obxectivos estratéxicos indícase entre [], a directriz (ou directrices) do programa FIDES-AUDIT coa que se vinculan.

Un OE pode estar vinculado a máis dunha directriz; igualmente, un OC pode estar vinculado a máis dun OE e unha AM pode vincularse con máis dun OC.

Obxectivos estratéxicos (OE)	Obxectivos de calidade (OC), 2019-20	Plan de melloras (accións, AM), 2019-20
OE- Mellora da docencia centrada no alumnado [D3]	OC-8. Lograr maior equilibrio na distribución das probas de avaliación final do Grao en Psicoloxía.	AM_C-8. Ordenar as datas de exames, na planificación académica do Grao en Psicoloxía para o curso 2020-21, alternando na medida do posible exames de materias en función do peso do exame final na avaliación.
OE- Mantemento de infraestruturas e instalacións para a docencia acorde coas necesidades [D5]	OC-9. Dispoñer de infraestrutura de conexión suficiente para o uso das TIC na docencia.	AM_C-9. Executar a terceira fase da dotación de tomas de corrente nas aulas. AM_C-10. Completar o reforzamento da cobertura da rede sen fíos para atender ao incremento de uso que se está a producir.
	OC-10. Manter unha dotación adecuada de equipamento para a docencia	AM_C-11. Continuar coa renovación progresiva, segundo necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, de equipos informáticos, audiovisuais e de laboratorio para a docencia.
	OC-11. Dispoñer de espazos e instalacións que atendan ás necesidades do estudantado.	AM_C-13. Adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida en todas as aulas (2ª fase).
OE- Optimización do uso de espazos [D5]		AM_C-12. Colocación de taquillas para o alumnado nas zonas de aulas.

No relativo á vixencia do **Sistema de Garantía de Calidade** da Facultade de Psicoloxía, considérase debidamente actualizado. As Memorias de Calidade do Centro que, desde a obtención da acreditación institucional, en 2019, conforman o documento esencial de rendición de contas para a avaliación, veñen sendo informadas favorablemente polos órganos supervisores (Comisión de Calidade do Consello de Goberno, ACSUG). Por tanto, considérase que se está a cumprir satisfactoriamente cos procesos de seguimento, análise e mellora.

En 2019-20, como se constata no Informe de execución do PMA, continuouse coa sistemática de revisión permanente do SGC, nesta ocasión coa revisión dun proceso, o PC-04 que, tal como se planificara, se actualizou e foi aprobado polos órganos correspondentes, e xa está incorporado ao Manual de Procesos.

É obxecto tamén de análise neste documento a **coordinación das accións de calidade** en todos os centros no caso de **titulacións interuniversitarias**. No caso da Facultade de Psicoloxía mantense unha única titulación destas características, o MUPXer, coordinado desde esta Facultade, que se desenvolve conforme ao seu SGC³. A xestión académica (preinscrición, matrícula, emisión de certificados, etc.) realízanse conforme ás mecánicas establecidas en cada unha das universidades participantes que, sendo todas elas públicas e do Estado español, son moi similares. Por último, as accións de mellora que se deseñan no marco do SGC e afectan directamente a estes títulos se aplican en todas as universidades. As principais dificultades para unha completa coordinación seguen a derivar da variabilidade entre as institucións nos

³ A outra titulación destas características que había na Facultade entrou en extinción en 2019-20. Mentres queden estudantes na USC, séguense a xerar e a trasladar á universidade coordinadora (UdC) os indicadores e informes do SGC que proceden.

calendarios de procesos académicos, que provocan que, en ocasións, a completa posta en práctica de certas accións ten que estenderse por máis de un curso académico; e tamén da dificultade para que os departamentos de Calidade de todas as universidades provean a totalidade dos indicadores definidos no SGC do Centro coordinador, o que obriga aos responsables da titulación a recadar esa información polos seus propios medios.

Como última cuestión a valorar neste epígrafe, cómpre facer referencia aos **mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese**. A sistemática para esta recollida de información está exposta no proceso institucional da USC *PI-08, Satisfacción, expectativas e necesidades*, que establece o proceso de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, titulacións, servizos, mobilidade, traballo). A Facultade complementa esta información recadada a nivel institucional mediante a aplicación de enquisas propias para procesos específicos (TFG, Prácticum, actividades do Plan de acción tutorial) ou mediante reunións con axentes dos grupos de interese (estudantes, profesorado, titores de Prácticum). Esta información, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a procedente de queixas, reclamacións e suxestións, conforma en boa medida a base sobre a que se realiza o seguimento anual do SGC e dos programas formativos.

Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recada información mediante enquisas é suficiente, e o que require unha atención especial é a consecución duns niveis de participación significativos. Neste curso, ademais de atender á recollida de información dunha actividade formativa de nova implantación (ver, no informe de execución do PMA, OC4, AM_C-4), centráronse esforzos en implementar procesos de recollida de información, particularmente dos estudantes, da titulación nova que se puxo en marcha (MUPs).

Non se pode deixar de facer referencia neste punto á excepcionalidade do curso 2019-20 que tamén afectou, como non podía ser doutro modo, á recollida de información sobre satisfacción dos grupos de interese. Así, algunhas enquisas non se aplicaron (v.g., as relativas a prácticas externas, que se viron moi afectadas) e outras, tras un importante debate a nivel do conxunto da Universidade, aplicáronse a pesar de considerar que os seus resultados -e mesmo as taxas de participación- dificilmente poden ser comparables con outros cursos; baste como exemplo que a taxa de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida diminuíron entre 12 (MUPXS) e 62 (MUPXer) puntos porcentuais no segundo semestre en relación co primeiro.

En todo caso, a Comisión de Calidade da Facultade segue a considerar que a forma máis efectiva para recadar suxestións e detectar problemas é a celebración de reunións -que se fan con periodicidade semestral- con representantes de estudantes para avaliar o desenvolvemento dos cursos. Nese marco xorden propostas de diferente tipo que se trasladan ao órgano que corresponde para a súa valoración e, de ser o caso, aplicación ou traslado ao PMA. No segundo semestre do curso 2019-20, estas reunións non se puideron celebrar de modo ordinario, pero as CT trataron igualmente de contar coa opinión do estudantado a través dos seus delegados e representantes. Estes contactos mantivéronse de modo continuado desde a suspensión, en marzo, da actividade docente presencial, para tratar de detectar e solucionar do mellor modo posible os problemas asociados a ese súpeto e imprevisible cambio.

En canto ás queixas, suxestións e reclamacións, a Facultade de Psicoloxía recibe un moi escaso número de queixas e reclamacións formais⁴. No Decanato da Facultade, en 2019-20 non se

⁴ Ver 5064-INF-P-FAC-01_2019-2020.

Nota: as referencias a documentos que se fan nesta memoria sen ligazón URL corresponden a documentación dispoñible para os membros das Comisións de Título, a Comisión de Calidade do Centro, a ACMP da USC e, eventualmente, aos auditores externos nos procesos de acreditación, conforme aos cadros do capt. 5 desta memoria.

registrou queixa ningunha, igual que ocorrera nos dous cursos anteriores. Na Oficina de análise de reclamacións (OAR) da USC, recibíronse, segundo a súa memoria anual, sete reclamacións/recursos e 3 queixas, todas vinculadas ao GPs. Dos recursos, 1 foi estimado, 2 estimados parcialmente, 3 desestimados e 1 inadmitido; todos eles tiveron relación cos procesos de validación e recoñecemento de créditos. En canto ás queixas, unha tamén estivo referida ao proceso de validacións, mentras que as outras dúas tiveron relación co proceso de matrícula; en todo caso, e as tres foron desestimadas.

2.2. Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación, a revisión periódica e, se procede, a extinción dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais). Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías para o alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións relativas á revisión periódica e mellora dos programas formativos:
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para atender ao ciclo de garantía externa das titulacións (seguimento e renovación da acreditación) e para facilitar, se é o caso, a implantación de modificacións;
 - cumprimento dos programas das materias;
 - funcionamento dos procedementos de coordinación,
 - adecuación dos perfís reais de ingreso e de egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe (globais da titulación) previstos na memoria. (Nota: os relativos ás materias analízanse na Directriz 3).
 - información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación. (Nota: os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).
- Se é o caso, análise das accións relativas ao deseño de novos títulos e á extinción de títulos existentes.

Os procedementos que rexen o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos da Facultade de Psicoloxía son comúns co conxunto da USC e están sistematizados no proceso *PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas* do [Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC](#). Nel establécense as pautas para o deseño, revisión e mellora dos programas formativos. Complementábase, xa a nivel do SGC da Facultade, co proceso *PE-02, Revisión e mellora*, que guía o seguimento anual dos ditos programas e a execución das accións de mellora vinculadas a eles. A normativa que os rexe, a nivel administrativo no ámbito da USC é o [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC \(aprobada en Consello de Goberno \[CG\] de 28/07/2017\)](#). Establece, entre outras cuestións, cales son e como se conforman os órganos académicos responsables dos programas formativos (CT, coordinador/a de título); a estrutura da organización en créditos; tipos de materias, ou modalidades de ensino. Esta e outras normativas pódense consultar no sitio web do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC, en concreto en:

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_másteres_normativa.html

As CT son os órganos encargados de analizar, anualmente, o desenvolvemento e os resultados dos programas formativos, e a efectividade das accións de mellora vinculadas aos mesmos. Avalían o cumprimento da memoria verificada do título (MVT) e, no seu caso, a conveniencia de modificala ou actualizala, e analízase o cumprimento dos programas das materias, a adecuación dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe, e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. O SGC establece a sistemática coa que se realizan os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, entre eles, ademais do xa sinalado *PE-02*, están os procesos chave *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora*

dos programas. Os informes de resultados nos que se dá conta desta revisión anual, unha vez aprobados polas correspondentes CT son trasladados á CCC, que os ratifica e aproba, de ser o caso, as accións de mellora propostas que serán incorporadas ao PMA do Centro.

As evidencias de que a revisión e mellora se realiza conforme estes procedementos atópanse nas actas destes órganos (CT e CCC).

No caso do deseño de novos títulos, procédese conforme ao proceso institucional citado (*PI-01*) e, no que compete ao Centro (traballos de comisión redactora, aprobación por Xunta de Facultade) queda, igualmente, evidencia nas actas e acordos deses órganos.

Nesta memoria preséntase, a seguir, unha síntese dos informes de resultados das titulacións da Facultade de Psicoloxía no curso 2019-20, no relativo ao *deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos*.

2.2.1. Grao en Psicoloxía.

A CT do GPs realizou, conforme lle corresponde, o seguimento do desenvolvemento do programa formativo durante o curso 2019-20; este seguimento recóllese no informe de resultados que aprobou en marzo de 2021⁵.

No que se refire ao **cumprimento da MVT**, a CT comprobou, un ano máis, que o desenvolvemento das actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación se adecuaban ao previsto nese documento e as modificacións posteriores reflectidas nos correspondentes informes de seguimento/resultados.

Cómpre sinalar que durante o curso 2019-20 foi aprobada unha **modificación da memoria do Título** para adaptala á “*Orden CNU/1309/2018, de 5 de diciembre, por la que se regulan las condiciones generales a las que se ajustarán los planes de estudio del Grado en Psicología*”. Esta modificación (que entra en vigor no curso 2020-21) fíxose por unha vía extraordinaria habilitada a este efecto polo Consejo de Universidades e a ANECA para atender á urxencia que tiña a adaptación a este marco normativo. Dado que o recurso a esta vía implicaba non poder modificar nada que non fose o que había que adaptar a esa Orde, non puideron incorporarse á nova MVT as modificacións non substanciais que veñen acumulándose desde hai varios anos nos informes de seguimento. Xa que logo, estas modificacións seguen pendentes de poder incluírse formalmente na MVT oficial, á espera dunha modificación substancial da mesma.

A supervisión do **cumprimento dos programas das materias**, realízase principalmente a través de reunións, de periodicidade semestral, dos/as coordinadores/as de curso co profesorado e cos representantes do estudantado, cuxas reflexións se trasladan, cando procede, á CT. O cumprimento foi satisfactorio e sen incidencias no 1º semestre, o que se reflectiu tamén nas enquisas oficiais de satisfacción coa docencia recibida⁶. No 2º semestre, a suspensión da actividade docente presencial a partir do 15 de marzo fixo necesarias adaptacións importantes nas metodoloxías de ensino/aprendizaxe e de avaliación, sempre supervisadas polo coordinador da titulación. Estas adaptacións, que quedaron reflectidas nos programas publicados na web⁷ institucional da Facultade, permitiron asegurar razoablemente a formación dos estudantes e así

⁵ Documento: 2500462_Informe_result_CT_2019-2020

⁶ Documento: 2500462_INF.13_1S_2019_2020

⁷ <https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-saude/grao-psicologia>, clicando en “Plan de estudos por curso”, seleccionar curso 2019-20, clicar no curso, logo na materia, e aí no programa que se desexe consultar, no epígrafe “Observacións”.

foi tamén valorado por eles na enquisa de satisfacción coa docencia recibida, na que se incluíu unha pregunta específica sobre isto⁸.

Dos **procedementos de coordinación** no marco do programa formativo ocúpase, xunto coa CT e o coordinador da titulación, os coordinadores/as de curso, de TFG e de Prácticum. Para recadar información, os coordinadores/as de curso realizan, semestralmente, reunións coa representación do estudantado e co profesorado. Así se seguiu a facer neste curso, coa particularidade de que no 2º semestre as reunións foron máis frecuentes, centradas nos problemas de adaptación da docencia sinalados arriba, e por vías telemáticas.

No relativo á **adecuación dos perfís de ingreso e de egreso**, a análise pola CT do perfil de ingreso prestou particular atención ao cambio producido, no curso 2019-20, nas ponderacións aplicadas nas probas de avaliación do bacharelato para acceso á universidade (ABAU). Este cambio, a proposta da Facultade (ver MCC do curso 2018-19), consistiu en aplicar a ponderación a Bioloxía (0.2), Física (0.1), Química (0.1) e Matemáticas II (0.1) para o perfil de CC. da Saúde, e a Historia da Filosofía (0.1) e Matemáticas Aplicadas II (0.2) para o perfil de Ciencias Sociais. Os e as estudantes que accederon ao Grao fixérono cun adecuado interese vocacional (o 94% elixiran esta carreira como primeira opción) e cun bo perfil académico (nota media de acceso de 10.302 sobre 14, con nota de corte superior a 9.5), polo que se considera un perfil de ingreso adecuado que tivo o seu reflexo nos bos resultados académicos durante o 1º curso.

En canto ao perfil de egreso, os datos de empregabilidade máis recentes de que se dispón foran xa analizados no curso anterior (nin o SIIU nin a ACSUG proporcionaron informes novos este ano). Xunto con eses informes, a CT ten en conta a boa valoración dos estudantes por parte dos titores profesionais do Prácticum, como un indicativo da adecuación do perfil de egreso na fase final dos estudos de Grao.

No que se refire á consecución dos **resultados de aprendizaxe previstos para a titulación**, valóranse a partir das taxas de rendemento, de éxito e de avaliación⁹. Como en anos anteriores, en 2019-20 acadaron valores satisfactorios (93.37, 96.51 e 96.74%, respectivamente). Hai que sinalar que estas taxas foron superiores ás dos cursos anteriores, un efecto xeral na USC por causa da corrección de cualificacións acordada para compensar a avaliación final telemática do 2º semestre. En todo caso, esta inflación foi menos marcada no GPs que no conxunto da USC e no conxunto do subgrupo de graos de CC. da Saúde.

Por último, no que atinxe á análise de **satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese en relación coa titulación**, a CT analizou os resultados das enquisas de satisfacción coa titulación¹⁰ aplicadas a egresados, estudantado e profesorado; coa cautela que esixen as reducidas taxas de participación, a pregunta sobre a valoración global coa titulación acadou un nivel razoablemente satisfactorio (3.74, 3.02 e 4.06, respectivamente). As queixas e incidencias tamén son relevantes para detectar aspectos que precisen axustes no desenvolvemento dos programas formativos; neste sentido non se recibiron no Centro, nin noutras instancias, queixas, reclamacións ou incidencias que afectaran ao desenvolvemento do programa formativo do Grao en Psicoloxía¹¹.

⁸ Documento: 2500462_INF.13_2S_2019_2020

⁹ Indicadores IN34, IN35 e IN36 en documento 2500462_P.Ind_2019_20

¹⁰ Documentos 2500462_INF.09_2019-2020, 2500462_INF.22_2019_2020 e 2500462_INF.23_2019_2020

¹¹ Documentos 5064_INF-P-FAC-01_2019-2020, Memoria OAR 2019-2020

2.2.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

O desenvolvemento do programa formativo do MUPXS foi analizado pola súa CT, e quedou reflectido no Informe de resultados que aprobou no mes de marzo de 2021¹².

No tocante ao **cumprimento da MVT**, o programa formativo desenvolveuse de acordo co fixado nese documento, sen alteracións respecto do momento da súa reacreditación.

Os **programas das materias** aplicáronse, no 1º semestre, conforme ao aprobado, coa debida supervisión da CT. A partir do mes de marzo tiveron que adecuarse ao pasar a docencia a ser virtual debido á pandemia da COVID-19, tal como se estableceu na Resolución Reitoral de 23 de marzo e na Instrución da Vicerreitoría de Organización Académica de 25 de marzo. Conforme á análise da CT, os e as docentes que participan no máster mostraron un gran compromiso coa docencia e fixeron un gran traballo para adaptarse a esta nova situación, axustando nun tempo récord os programas a esas instrucións e investindo un gran esforzo para rematar o curso académico nas mellores condicións, reducindo ao máximo o impacto da pandemia sobre a calidade da docencia. As adaptacións e cambios que se realizaron constan nos programas publicados na web¹³.

En canto aos **procedementos de coordinación**, continuouse coa sistemática de reunións periódicas con estudantes e docentes para seguir o curso, detectar problemas que puideran afectar á coordinación entre materias e detectar e corrixir duplicidades e lagoas. As reunións permitiron comprobar que todas as competencias definidas no título estaban a ser abordadas e avaliadas convenientemente nas materias da titulación. As reunións celebradas a partir de marzo fixéronse por vía telemática. En cumprimento dunha acción de mellora programada no curso precedente, en 2019-20 a materia obrigatoria de *Avaliación e intervención en adiccións* pasou ao 2º semestre, para mellorar o equilibrio na carga docente entre os dous semestres.

No relativo á **adecuación dos perfís de ingreso e de egreso**, de acordo coa revisión e análise pola CT, conclúese que a demanda se mantén, con 387 persoas preinscritas. O número de estudantes matriculados de novo ingreso foi 31, cunha taxa de ocupación do 93.94%. O 33% dos estudantes proceden doutras universidades do Estado. A nota media de acceso alcanzou un 8.18 sobre 10. A titulación de procedencia foi en todos os casos desde graos en Psicoloxía, axustándose, así, ao perfil previsto na MVT.

Respecto do perfil de egreso, en ausencia dos informes de inserción laboral que proveen o SIIU ou a ACSUG, a CT retoma a intención de aplicar unha enquisa propia para recadar información ao respecto.

Obxectivo de calidade (OC): Dispoñer de datos sobre inserción laboral dos egresados (OC-2)¹⁴.

Acción de mellora (AM): Aplicar unha enquisa de inserción laboral aos egresados do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (AM_C-2).

A **consecución dos resultados de aprendizaxe previstos**, continúa a ser moi positiva: Da análise realizada pola CT, destacar aquí que as taxas de eficiencia (98.51%), de rendemento (97.44%), de graduación (90.63%) e de éxito (98.5%) son superiores á media dos títulos da USC no mesmo período, e a taxa de abandono se mantén no 0%. Nas materias de final de titulación (Prácticum II e Traballo de fin de máster) os resultados foron moi satisfactorios: 70.37% de sobresalientes

¹² Documento 4314881_Informe_result_CT_2019-2020

¹³ <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-saude/master-universitario-psicologia-xeral-sanitaria>, clicando en "Plan de estudos por curso", seleccionar curso 2019-20, clicar no curso, logo na materia, e aí no programa que se desexe consultar, no epígrafe "Observacións".

¹⁴ A numeración de obxectivos de calidade e acción de melloras corresponde coa que se lle asigna no apdo. 3 deste documento, onde están organizadas e numeradas en función da súa vinculación cos obxectivos do Plan Estratégico (apdo. 3.2)

no Prácticum II, 52.94% no TFM; estes datos teñen particular relevancia nun máster profesionalizante como este, e reflicten a adecuada correspondencia entre as competencias adquiridas ao longo do programa formativo e as requiridas para o exercicio profesional.

Por último, en referencia á **análise de satisfacción, necesidades, expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese en relación coa titulación** a CT revisou esencialmente as enquisas (xerais da USC e propias da CT). Delas destaca: a boa valoración que fan os titores profesionais de Prácticum das competencias dos e das estudantes (por riba de 9 sobre 10); a satisfacción do estudantado coa docencia recibida (4.26, taxa de participación do 56%), e a do profesorado coa docencia impartida (4.42, taxa de participación do 43%)¹⁵. A satisfacción xeral do profesorado coa titulación é alta (4.63, taxa de participación 32%); é inferior no caso dos egresados (3.0), se ben cunha taxa de participación tamén moi inferior (11%)¹⁶. Para este curso non se dispón de indicador de satisfacción do alumnado coa titulación. Non constan queixas ou reclamacións relacionadas co desenvolvemento do programa formativo.

2.2.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía.

A Comisión de coordinación interuniversitaria do MUPXer analizou o seu desenvolvemento e resultados durante o curso 2019-20 no Informe de resultados que aprobou en marzo de 2021¹⁷.

A supervisión do **cumprimento do establecido na MVT** corresponde á CCI, que observou este requisito no curso 2019-20. Esta comisión coordina o traballo das CT de cada universidade na programación do curso, sempre dentro do marco da MVT, e coordina o calendario académico para facilitar que o alumnado poida cursar materias doutras universidades distintas daquela na que está matriculado. Durante a pandemia, prestou especial atención a asegurar o correcto desenvolvemento das prácticas externas e dos traballos de fin de Máster, tal como se expoñerá máis adiante (epígrafe 2.3.3).

Entre as tarefas de coordinación da CCI está tamén a de garantir o **cumprimento dos programas** das materias e a homoxeneidade dos contidos, tanto expositivos como interactivos, en todas as universidades. Isto pódese comprobar nos programas publicados por todas as universidades participantes¹⁸ que, a teor do informe de resultados da CCI, satisfán os obxectivos formativos establecidos na MVT e manteñen un grao adecuado de homoxeneidade entre as universidades.

O **perfil real de ingreso** no máster correspóndese cos requisitos fixados na MVT. Dado que a titulación está especificamente orientada á especialización de psicólogos/as, no proceso de admisión rexíntanse as solicitudes de persoas que non son graduadas/licenciadas en Psicoloxía, ou titulación estranxeira equivalente. A nota media de acceso mantívose en niveis similares a cursos previos ou se elevou lixeiramente (nos casos da USal, 8.11, e da USC, 7.56). A taxa de ocupación tamén mellorou en 2019-20. En canto ao **perfil de egreso** e a **consecución dos resultados previstos** na MVT, considérase, tomando como referencia o informe de resultados da CCI, que os estudantes adquiren as competencias acordes co perfil de egreso do profesional psicoxerontólogo, como psicólogo especializado no avellentamento normal e patolóxico: as taxas de avaliación, rendemento e éxito da titulación mantéñense elevadas nas catro universidades desde hai varios anos; o descenso este curso na taxa de graduación da UB tivo unha causa puntual, debida a problemas específicos para finalizar en tempo as prácticas externas por mor da situación sanitaria.

¹⁵ Indicadores IN.MPXS.04a, IN.MPXS.04b en 4314881_Panel_indicadores_propios; IN47 e IN46 en 4314481_P.Ind__2019_20

¹⁶ 4314881_INF.23_2019-2020 e IN42 en 4314881_P.Ind__2019_20

¹⁷ 4314476_Informe_result_CT_2019-2020

¹⁸ [UB](#), [USal](#), [USC](#), [UV](#)

Por último, en canto aos indicadores de **satisfacción coa titulación**, é elevado o grao de satisfacción xeral dos egresados (4.4. na UB, 4.38 na USal, 3.4 na UV), pero para o curso 2019-20 non se contou apenas con indicadores de satisfacción coa titulación dos outros grupos de interese (só do profesorado no caso da USC, que presentou unha media, no indicador xeral de satisfacción coa titulación, de 4.49)¹⁹.

2.2.4. Máster Universitario en Psicoloxía.

O MUPs púxose en marcha no curso 2019-20, tras deseñarse e tramitarse no curso anterior conforme ao procedemento establecido na USC (*PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas*). Tras cumprimentar todo o proceso, foi aprobado, no verán de 2019, para a súa implantación a partir do curso 2019-20. Esta titulación conta con dúas especialidades (Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria, PsISC e Psicoloxía Experimental, PsE) e ten unha extensión de 90 créditos (tres semestres académicos).

A CT, constituída no mes de setembro dese mesmo ano e responsable directa da organización e desenvolvemento do máster, avaliou este primeiro ano de existencia na análise que queda reflectida no Informe de resultados aprobado no mes de marzo de 2021, e que trasladou á CCC²⁰. Nesta memoria recóllense os puntos máis relevantes desa análise.

Débase ter en conta que, ao constar o máster de 90 créditos, no período que se analiza non concluíu a súa implementación: as materias Prácticum e Traballo de fin de máster están programadas no 2º curso, polo que non se tiñan sequera iniciado; non se dispón tampouco de resultados globais da titulación.

O programa púxose en marcha en setembro de 2019 **de acordo co establecido na MVT**. A partir de marzo, foi necesario facer adaptacións na metodoloxía docente e sistemas de avaliación para adaptalas a unha situación de docencia e avaliación non presenciais, o que puido supoñer cambios menores respecto do que no dito documento figura nas fichas das materias.

Así, isto tivo implicacións no **cumprimento dos programas das materias**. Durante o 1º semestre desenvolvéronse conforme ao que neles se establecía, pero no 2º tiveron que ser modificados para as materias que continuaban docencia en marzo de 2020. Estas modificacións axustáronse escrupulosamente ás directrices establecidas pola dirección da USC e especificáronse e fixéronse públicas nos programas publicados na web²¹.

Os **procedementos de coordinación** da titulación implican á CT e ás coordinadoras (de título e de cada unha das especialidades). Como se pode verificar nas actas da CT²², durante o curso realizáronse varias reunións. A coordinación entre materias realizouse a través das coordinadoras, de titulación e de especialidade. No 2º semestre realizáronse reunións do profesorado, por especialidades, para organizar os cambios debidos ao paso ao sistema non presencial. No caso do estudiantado, celebráronse reunións co conxunto e/ou cos seus delegados para analizar o desenvolvemento das actividades académicas, presencialmente no 1º semestre e telematicamente no 2º. As reunións para avaliación final do desenvolvemento do curso, co profesorado, co estudiantado e, finalmente, da CT, realizáronse xa entrado o curso seguinte.

¹⁹ Indicador IN42, no documento 4314476_P.Ind__2019-20_todas; documento 4314476_INF.23_2019-2020

²⁰ 4317022_Informe_result_CT_2019-2020

²¹ <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-psicologia>, clicando en “Plan de estudos por curso”, seleccionar curso 2019-20, clicar no curso, logo na materia, e aí no programa que se desexe consultar, no epígrafe “Observacións”.

²² 4317022_E5_Actas_CT_MUPs_2019-2020

Como consecuencia das valoracións realizadas nos distintos niveis de consultas e de coordinación, a CT valorou a necesidade de introducir algunhas modificacións non substanciais na MVT, que se propuxeron como accións de mellora para o curso 2020-21:

OC: Axustar os horarios de clase para favorecer o proceso de ensino/aprendizaxe (OC-5).

AM: Cambiar de semestre (do 2º ao 1º) unha materia obrigatoria do Máster en Psicoloxía (AM_C-8).

OC1: Mellorar os programas formativos para adaptalos ás demandas sociais (OC-1).

AM: Incrementar a optatividade na especialidade de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria do Máster en Psicoloxía (AM_C-1).

En relación cos **perfis de ingreso e de egreso**, como xa se indicou só o primeiro deles é analizable neste 1º ano de implantación do máster. O número de matriculados foi de 17 (taxa de ocupación do 70.8%) e o principal lugar de procedencia foi a propia comunidade autónoma (51%) e a USC (76.5%). Hai que valorar este dato tendo en conta que a oferta do máster non se puido concretar até o verán, unha vez que foi aprobado por todos os órganos implicados, polo que non é estraño que non se cubriaran todas as prazas. Dezaseis dos matriculados escolleron a especialidade de PsISC; isto entra no esperado, polo seu carácter aplicado e nivel de demanda profesional.

En todo caso, o feito de que non se teñan ocupado todas as prazas aconsella realizar actividades de promoción da titulación para o seguinte curso.

OC: Mellorar a visibilidade das titulacións da Facultade (OC-11).

AM: Desenvolver actividades de captación para o Máster en Psicoloxía de alumnado tanto na Comunidade Autónoma, como no conxunto do Estado, e noutros países (AM_C-15).

O mesmo que ocorre co perfil de egreso, non procede a **análise dos resultados de aprendizaxe da titulación**, toda vez que non concluíu sequera a primeira promoción. En todo caso, no apdo. 2.3.4 dáse conta dos resultados nas materias do 1º curso. Tampouco se conta, polo mesmo motivo, con **indicadores de satisfacción** coa titulación; non hai constancia de queixas ou reclamacións relativas ao desenvolvemento do programa formativo.

2.2.5. Programas en extinción.

No curso 2019-20 continuou en extinción (último ano) o *Máster universitario en Psicoloxía da educación, desenvolvemento e aprendizaxe*, MUPEDA. E tramitouse a solicitude de extinción do *Máster universitario en Estudos avanzados da linguaxe, a comunicación e as súas patoloxías*, MUEALCP. De ambos os dous procesos deuse conta xa na Memoria de calidade do curso anterior.

De acordo co procedemento para a extinción dos plans de estudos vixentes na USC, que garanten ao estudantado poder finalizar os seus estudos durante un período posterior ao acordo de extinción²³, as persoas que iniciaran os estudos con anterioridade tiveron a posibilidade de matricularse nas materias pendentes para a súa superación, e non se produciu ningún tipo de incidencia. No MUPEDA matricularóñense catro persoas, do TFM, das que tres renunciaron antes do fin de curso e unha completou a titulación. O MUEALCP aínda non entrara en extinción neste curso, pero non tiña oferta para novo ingreso na USC; del matricularóñense tamén 4 estudantes no TFM, dos que 3 superaron a materia e finalizaron estudos.

²³ "sen prexuízo das normas de permanencia que sexan de aplicación, a USC garantirá a organización de dúas convocatorias (catro oportunidades) de exame nos dous cursos académicos seguintes á data de extinción do título" (Art. 18.6 do Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC, de 28/07/2017).

2.3. Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.

Estándar: O centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (accións de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe).
 - Resultados de aprendizaxe das materias do título.
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Os procedementos que rexen a organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e avaliación ao longo da vida académica do alumnado sintetízanse en diversos procesos chave do SGC da Facultade de Psicoloxía: *PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*. A través deles procúrase que os e as estudantes poidan acadar os obxectivos formativos das titulacións.

Ao tempo, o marco normativo que regula a vida académica dos e das estudantes, desde a admisión até o momento da obtención do título establécese para a USC con carácter xeral, mediante normativas e regulamentos aprobados polo seu Consello de Goberno que, nalgúns casos, poden concretarse en normativas específicas para cada centro ou titulación.

As principais normativas poden consultarse nos seguintes enderezos web:

<https://www.usc.gal/gl/normativa/Alumnado/index.html>. Neste sitio pódense consultar:

- Estatuto do Estudantado
- Normativa de Permanencia
- Normativa de Avaliación
- Normativa de Asistencia a clase
- Admisión (ABAU, deportistas de alto nivel, traslados, requisito de idioma, maiores de 40 anos)
- Matrícula (convocatoria anual)
- Mobilidade (regulamento de intercambios interuniversitarios)
- Valoración de expedientes
- Recoñecementos (de estudos e competencias, de estudos de formación profesional, de experiencia profesional)
- Regulamento de Prácticas académicas externas
- Regulamento de Matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster
- Regulamento de concesión dos premios extraordinarios de grao e máster

http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html e/ou
http://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_másteres_normativa.html

- Normas de desenvolvemento dos títulos de grao da USC
- Acordo sobre extinción de planos de estudo de grao e máster verificados
- Regulamento sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas oficiais na USC

Na web da Facultade de Psicoloxía recóllense os desenvolvementos específicos de normativas ou regulamentos xerais que requiren adaptación para o Centro ou as Titulacións²⁴:

- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de fin de Grao da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (CG de 10/07/2018)
- Normativa de Traballos de fin de Máster da titulación de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (CG 19/07/2018)
- Normativa de Traballos de fin de Máster da titulación de Máster Universitario en Psicoloxía (Xunta de Facultade 03/07/2021)
- Normativa para a dispensa de asistencia a clase do Grao en Psicoloxía da USC (Xunta de Facultade 27/11/2012, modificada en Xunta de Facultade 18/12/2017)
- Normativa para o cambio de grupo da Facultade de Psicoloxía da USC (Xunta de Facultade, 22/07/2013)
- Regulamento do Prácticum do Grao en Psicoloxía Universidade de Santiago de Compostela (Xunta de Facultade, 20/07/2012)

En particular, no curso 2019-20 aprobáronse diversas normativas ou instrucións para a adaptación á situación derivada do estado de alarma, desde a suspensión das actividades académicas presenciais até medidas relativas á imputación de cualificacións nos expedientes académicos. Pódense consultar no [recopilatorio](#) elaborado pola Xerencia da USC. Entre elas, destacar:

- Resolución reitoral do 14 de marzo de 2020 pola que se dispón o peche das instalacións da Universidade de Santiago de Compostela [Modificada parcialmente pola Resolución reitoral do 16 de marzo de 2020 pola que se establecen os protocolos de actuación na USC durante o estado de alarma]
- Resolución reitoral do 23 de marzo de 2020, sobre modificación das guías docentes como consecuencia da suspensión temporal da actividade docente presencial
- Resolución reitoral do 27 de marzo de 2020 sobre as prácticas académicas externas do curso 2019/2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria
- Resolución reitoral do 7 de abril de 2020 sobre obrigas referidas á docencia non presencial
- Directrices para a organización da docencia e da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da emerxencia sanitaria pola COVID-19
- Resolución reitoral do 04/05/2020, pola que se acordan determinados cambios nos prazos de matrícula como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19

²⁴ Na intranet: no sitio de Documentación - [Normativa](#)

- Instrución de 05/05/2020 da Secretaría Xeral 2/2020 para a aplicación do artigo 4.3. do acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19
- Instrución 3/2020, da Secretaría Xeral, sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-2020
- Instrución 4/2020 do 5 de xuño, da Secretaría Xeral, relativa ao adiamento da defensa dos traballos de fin de estudos e da realización de prácticas académicas no curso 2019-2020
- Instrución IX/2020 da Xerencia para o acceso aos centros do Persoal Docente e Investigador e de Administración e Servizos, a reincorporación presencial á actividade laboral e o peche de instalacións da USC en período estival
- Resolución da Consellería de Sanidade do 20 de agosto de 2020 pola que se acorda levantar a suspensión das prácticas que se realicen en calquera centro sanitario situado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrución 6/2020 do 29 de setembro, da Secretaría Xeral, relativa á ampliación de prazos asociados coa finalización do curso académico 2019-2020

Este marco normativo regula con transparencia os procedementos e condicións formais para o acceso, progresión e terminación dos programas formativos.

As CT en primeira instancia, e a CCC en segunda, analizan anualmente o desenvolvemento destes procesos e os indicadores que dan conta dos resultados e da satisfacción asociados ao ensino, aprendizaxe e avaliación en cada unha das titulacións. A continuación sintetízanse as conclusións destas análises, recollidas máis extensamente nos informes de resultados das correspondentes titulacións.

2.3.1. Grao en Psicoloxía.

Os **procesos de admisión e ás accións de captación de alumnado** do GPs réxense pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público. As posibilidades da Facultade á hora de determinar criterios de admisión limítanse á súa capacidade de propoñer os baremos de ponderación nas probas de acceso (ABAU) no marco do Sistema Universitario Galego (SUG). Neste sentido, como quedou sinalado en 2.2.1, en 2019-20 aplicouse un axuste nas ponderacións de materias específicas nas ABAU, que se completará no curso seguinte.

No relativo ás accións de captación, continuouse, como en cursos previos, participando no programa "A Ponte" dirixido ao estudiantado de bacharelato: até o mes de febreiro fíxose de modo presencial ("Xornadas de Portas Abertas", con máis de 300 asistentes; participación nunha Feira da Innovación organizada pola USC) e logo de modo telemático (presentacións da titulación mediante infografías e charlas telemáticas).

No GPs presenta particular relevancia o proceso de **recoñecemento de créditos**, toda vez que conta cun número significativo de estudantes que acceden por traslado de expediente. En 2019-20 tramitáronse 45 solicitudes de recoñecemento de créditos (6% dos matriculados), principalmente de estudos en Psicoloxía doutras universidades (31 solicitudes) e, máis puntualmente, doutros graos da USC ou de titulacións de FP superior. En xeral, a sistemática de recoñecemento de créditos pódese considerar adecuada, se ben é, entre os trámites académico-administrativos, un dos máis sensibles para o alumnado; así nese curso foi obxecto de 7 reclamacións, das que unha foi estimada e 2 parcialmente estimadas, así como de 1 queixa. A

parte máis problemática está nos tempos do proceso, que non rematan de resolverse, nalgúns casos, até ben avanzado o 1º semestre; isto afróntase tratando de informar sobre a viabilidade das solicitudes presentadas e tamén coa colaboración do profesorado, que acepta a incorporación provisional ás clases antes de ter resoltos os expedientes de recoñecemento.

No tocante á **orientación académica e profesional**, en 2019-20 continuouse coas accións contempladas no plan de acción titorial (PAT)²⁵: accións dirixidas a estudantes de 1º curso (xornada de acollida, apoio por estudante-titor do programa A Ponte, curso de introdución á biblioteca) e ao longo dos estudos (ciclo de charlas sobre a práctica profesional, sesións informativas sobre programas de mobilidade, Prácticum, TFG, curso de competencias informacionais vinculado ao TFG). Todas estas accións desenvolvéronse con normalidade, toda vez que se realizan esencialmente no 1º semestre. En cambio, as charlas de presentación dos másteres para continuación de estudos, previstas para o 2º semestre, non puideron celebrarse. Os datos de satisfacción con estas actividades recóllense no informe de resultados da titulación. Tamén se incorporou, neste curso, unha acción específica dirixida aos estudantes con recoñecemento de “deportistas de alto nivel”, contemplada no PMA para este curso, consistente en dirixilos aos coordinadores/as de curso para asesoramento específico á hora de planificar as súas actividades e dispensas.

En relación coa **mobilidade de estudantes**, o máis destacable en 2019-20 foi a aplicación da acción de mellora prevista, de establecer un límite de prazas para a mobilidade por convenios bilaterais, de modo que, aínda que non se acadou o obxectivo de axustala a un 5% si se aproximou significativamente (6.5% fronte ao 10.8 do curso precedente). A mobilidade entrante non se viu particularmente afectada polas restricións asociadas á pandemia, xa que o alumnado puido continuar coa súa formación igual que o estudantado propio da USC, seguindo o formato non presencial/online.

Pola súa banda, a mobilidade saínte continúa na liña de discreto incremento iniciado en cursos anteriores (3.6% do total de matriculados, 3.3% no curso anterior). No 2º semestre só unha estudante renunciou á praza asignada por mor da crise sanitaria, mentres o resto, tanto en Erasmus e SICUE como en convenio bilateral, continuaron a súa formación tal e como a adaptou a súa universidade de destino.

Indicar que nese curso non se aplicaron as enquisas de satisfacción, polo que non se conta con datos ao respecto.

No que atinxe ás **metodoloxías de ensino e de avaliación da aprendizaxe**, neste curso foi esencial a coordinación entre os/as responsables de áreas de coñecemento, os departamentos, a titulación e a Facultade. Durante o 1º semestre desenvolveuse conforme aos programas sen incidencias, segundo se constatou nas reunións cos axentes implicados (profesorado e estudantes por curso). No 2º semestre, só as materias de 4º curso, que contan cun calendario adiantado, finalizaron do modo previsto, e só foi necesario adaptar o exame final. Para os outros cursos foi necesario adaptar a metodoloxía de ensino e a programación, ademais da avaliación, ao formato telemático, para o que o Decanato facilitou unha páxina de recursos con titoriais para a creación de material docente online, e a USC ofertou diversos cursos a través do Programa de formación e innovación docente (PFID). No informe de resultados da titulación expóñense con maior detalle estas continxencias.

O grao de satisfacción do estudantado cos aspectos da docencia máis directamente afectados por esta situación foi aceptable: valoraron positivamente (4.35 sobre 5) a adecuación no desenvolvemento dos programas ao calendario previsto antes da crise sanitaria, e tamén a atención e resolución de dúbidas por parte dos/as profesores (correo electrónico, clase virtual,

²⁵ Pendente de ligazón na nova web da Facultade, que estaba en construción no momento de elaborar esta Memoria

titorías, etc.) (4.29). A valoración global do alumnado (enquisas por materia/profesor) foi boa no 1º semestre (4.21 sobre 5, cunha taxa de participación do 42.1%), e diminuíu no 2º (3.93, cunha participación do 26.5%). Por parte do profesorado, a valoración media foi de 4.15 (sobre 5) cunha participación do 29.8% (non se dispón de datos desagregados por semestre).

Respecto da detección de **necesidades específicas ou adaptacións** curriculares, no que colabora o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), non se produciron demandas de adaptación a necesidades específicas que non puideran ser atendidas de modo ordinario polo profesorado.

En canto aos **resultados de aprendizaxe das materias do título**, aínda que tiveron un alto nivel, non poden compararse sen máis cos de cursos anteriores, dadas as circunstancias especiais en que se desenvolveu o curso e a corrección sobre as cualificacións á que xa se fixo referencia en 2.2.1. No Informe de resultados da CT preséntase máis pormenorizadamente esta comparativa cos anos previos.

As **prácticas externas**, (Prácticum, materia obrigatoria de 12 créditos), realizadas no marco do Regulamento de Prácticas Externas da USC e dos convenios aos que se fai referencia no apdo. 2.5, víronse particularmente afectadas polas condicións do Estado de alarma que se decretou xusto antes do seu inicio previsto e provocou que non puideron empezarse até o mes de xuño. Nese momento, nalgúns centros puideron ir comezando, noutros retrasouse e noutros directamente tiveron que ser anuladas. A adaptación normativa da USC permitiu o axuste no número de horas e a extensión do período de realización até o 30 de setembro. O inxente traballo realizado pola vicedecana responsable de Prácticum, reorganizando a demanda entre os dispositivos dispoñibles e organizando quendas, conseguiu que 142 estudantes do Grao completasen o seu período de Prácticum antes do 30 de setembro. Estas circunstancias excepcionais impediron a recollida de datos sobre satisfacción mediante as enquisas institucionais, pero se dispón dos datos da enquisa de satisfacción propia. O nivel de satisfacción global das/os estudantes co Prácticum do curso 2019-20 foi de 4.5 puntos sobre 5, e o seu grao de satisfacción coa actuación do/a titor/a profesional e do/a titor/a académico/a foi, respectivamente, de 4.7 e 4.8 nunha escala de 5 puntos²⁶. Estes valores son similares aos acadados no curso anterior, o que denota o logro alcanzado na superación das dificultades debidas á situación pandémica. Os resultados da aprendizaxe foron similares aos de cursos previos, cun 81.25% de cualificacións no máximo nivel.

Polo que respecta aos **traballos de fin de grao**, os procesos de oferta e de asignación non sufriron cambios: en xullo ofertáronse 188 temas/titores e en outubro asignáronse 182. A supervisión e defensa si tiveron que adaptarse, ao se tratar dunha materia de 2º semestre. Realizáronse ambas as dúas por medios telemáticos, e a avaliación adaptouse para ser realizada, en todos os casos, polo titor/a. Desde a coordinación da titulación publicáronse guías e documentos de axuda que foron valorados moi positivamente (4.4 sobre 5) polo profesorado. Defendéronse, finalmente, o 81% dos traballos asignados e todos eles foron aprobados. A satisfacción do alumnado foi algo inferior a do curso previo (7 sobre 10, fronte ao 7.9 do curso anterior).

Para rematar, sinalar que os datos de **satisfacción, queixas e suxestións** relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe, fóronse comentando nos epígrafes precedentes. Como se pode apreciar, cóntase con indicadores de satisfacción, vía enquisas, de todos os procesos relevantes, se ben este ano unha parte delas non foron aplicadas debido ás importantes alteracións coas que rematou ou curso (que é o momento non que se aplican boa parte delas). Tamén as reunións cos grupos de interese (estudantes e profesorado) se viron afectadas no 2º semestre.

²⁶ Documento 2500462_INF-P-GPS-08_2019_20

Por último, en canto a queixas ou reclamacións formais, deuse conta máis arriba das únicas das que hai constancia, que afectaron ao recoñecemento de estudos²⁷.

2.3.2. Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

A valoración da efectividade dos procedementos para garantir a aprendizaxe, ensino e avaliación centradas no alumnado é realizada, para o MUPXS, pola CT, que a plasma no Informe de resultados que traslada á CCC. Neste epígrafe recompílanse os elementos máis relevantes dese informe aos efectos desta memoria.

En canto á **admisión de estudantes**, todos os admitidos proceden dun Grao/Licenciatura en Psicoloxía con polo menos 90 créditos de carácter especificamente sanitarios, conforme ao que establece a regulamentación do máster. A elevada taxa de demanda desta titulación e o adecuado axuste do perfil de acceso, fan innecesarias accións específicas de captación, que se limitan a participar nas charlas informativas que organiza a Facultade de Psicoloxía para os/as estudantes de Grao e, de ser o caso, calquera outra actividade informativa a demanda de terceiros.

No relativo á **orientación académica e profesional**, ademais das asistencia facilitada polos servizos xerais da USC que se recollen no apdo. 2.5, a CT realiza unha xornada de acollida o primeiro día de curso, na que informa sobre a organización docente, recursos, horarios, características xerais das materias, centros dispoñibles para a realización das prácticas externas ou procedementos de asignación de dispositivos de prácticas e de titores, e da información dispoñible na web. Tamén se realizan reunións previas á asignación dos centros de prácticas para informar da oferta e resolver dúbidas acerca das características dos dispositivos ou do procedemento de asignación. E, antes de finalizar o segundo semestre, infórmase de novo, nunha reunión, dos aspectos fundamentais do desenvolvemento e procedemento dos TFM; en 2019-20 esta información proporcionouse por medios telemáticos.

Para a orientación de perfil máis profesional, ao longo do curso o alumnado pode participar nas conferencias sobre saídas profesionais que se organizan regularmente na Facultade de Psicoloxía, como por exemplo, o ciclo de charlas “A práctica profesional da Psicoloxía”, que se desenvolve ordinariamente ao longo do curso académico, e que tamén se celebrou en 2019-20.

En canto á **mobilidade**, como en anos anteriores, non se está a producir mobilidade entrante nin saínte. Xa se ten sinalado a este respecto que a estrutura do máster e o seu carácter regulado dificulta atopar estudos equivalente fóra de España, e tamén a flexibilidade necesaria para levar a cabo a mobilidade dentro de España. Non obstante, dado que unha porcentaxe moi significativa do alumnado do máster provén doutras universidades, non se considera que a mobilidade sexa un elemento crucial para valorar a titulación.

Respecto da **metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe**, a súa adecuación ás competencias e contidos das materias pódese apreciar nos seus programas, dispoñibles na web²⁸ da USC. No 2º semestre, e debido á interrupción das clases presenciais, houbo que facer modificacións nos programas das materias en curso, en canto a súa metodoloxía. Para todas as materias, agás unha optativa que só contaba cunha estudante matriculada, activouse o Campus Virtual para ser utilizado coma recurso de ensinanza. Ademais do Campus Virtual, utilizáronse outros recursos como o correo-e ou a aplicación MS Teams.

²⁷ Documentos 5064_INF-P-FAC-01_2019-2020 e Memoria OAR 2019-2020

²⁸ <https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-saude/master-universitario-psicologia-xeral-sanitaria>, clicando en “Plan de estudos por curso”, seleccionar curso 2019-20, clicar no curso, logo na materia, e aí no programa que se desexe consultar, no epígrafe “Observacións”.

A necesidade de trasladar repentinamente a docencia a este formato puxo de manifesto, na opinión da CT, a conveniencia de mellorar a capacitación do profesorado e do alumnado no uso de ferramentas telemáticas.

A satisfacción coa docencia foi, de acordo coas enquisas, positiva: de 4.26 (taxa de resposta do 56.25%) no caso dos estudantes -docencia recibida- e 4.43 no caso do profesorado -docencia impartida-²⁹. A CT destaca na súa análise a boa valoración que fai o estudiantado do ítem “Creo que os coñecementos adquiridos servirán para o meu desempeño profesional”, cun valor medio de 4.31 entre as materias do 1º semestre, o que corrobora a orientación profesionalizante do título.

A CT considera que, para asegurar o correcto mantemento das metodoloxías de ensino e aprendizaxe, é conveniente contar para cada materia con dous profesores, polo que se propón unha acción de mellora neste sentido:

OC: Lograr un equilibrio entre semestres e unha adecuada progresión na organización temporal dos programas formativos (OC-6).

AM: Solicitar aos departamentos con docencia no Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria que, no caso das materias obrigatorias, asignen polo menos dous docentes (AM_C-9).

En relación coa detección e atención a **necesidades específicas ou adaptacións** curriculares, durante o curso 2019-20 recibíuse unha comunicación ao respecto do SEPIU, que foi atendida conforme ao que a situación requería, sen incidencias.

No tocante aos **resultados da aprendizaxe das materias do título**, as cualificacións nas disciplinas obrigatorias e optativas foron moi satisfactorias, con puntuacións concentradas no notable e o sobresaliente (no informe de resultados do título analízanse con maior detalle)³⁰.

As **prácticas externas** supoñen, no MUPXS, un terzo dos 90 créditos do programa de estudos. A guía dispoñible na web³¹ do máster recolle a información esencial da súa organización e desenvolvemento. En 2019-20, cómpre destacar un lixeiro incremento na oferta inicial de dispositivos de prácticas e a mellora na información dispoñible na web, ademais do seguinte: O Prácticum I, que se realiza a partir do mes de abril, tivo que ser aprazado nese curso por mor do estado de alarma. Dadas as dificultades para garantir a súa realización mesmo durante a denominada “desescalada”, ao se realizar en centros sanitarios, a CT adoptou a decisión de trasladalas para o 1º semestre do 2º curso (ano académico 2020-21), de modo continuado co Prácticum II que os alumnos debían xa realizar nese 3º semestre. Isto implicou xestionar a anulación de matrícula e devolución das taxas correspondentes, e demais trámites administrativos relativos a actas e expedientes académicos.

A outra materia, Prácticum II, que se realiza de modo ordinario no 1º semestre do 2º curso, desenvolveuse conforme ao planificado sen incidencias, cunha adecuada coordinación, como vén sendo habitual, cos títos profesionais, particularmente a través de aqueles que ocupan as prazas de profesorado asociado en ciencias da saúde (PACS). En total, para este máster cóntase con oferta en 59 dispositivos de prácticas, amparados polos convenios cos que conta a Facultade (ver apdo. 2.5) e que satisfán os requisitos esixidos pola regulamentación deste máster. Todos os estudantes acadaron puntuacións de notable ou superior (70.37% de sobresalientes)

²⁹ Indicadores IN46, IN48 e IN47 (documento 4314481_P.Ind__2019_20)

³⁰ Documento 4314481_INF15_2019-2020.

³¹ Pendente de ligazón na nova web da Facultade, que estaba en construción no momento de elaborar esta Memoria

Neste curso non se contou con indicadores de satisfacción, pero con base nas opinións trasladadas polos estudantes nas reunións con eles, a CT conclúe a conveniencia de promover dúas accións de mellora:

OC: Mellorar a información ao estudiantado sobre os procesos académicos (OC-4).

AM: Mellorar a información sobre os centros de prácticas para os alumnos do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (AM_C-5).

OC: Promover a homoxeneidade na metodoloxía docente e de avaliación das prácticas externas (OC-3).

AM: Elaborar un documento sobre as funcións dos titores académicos do Prácticum do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria (AM_C-3).

O **Traballo de fin de máster** tamén se viu afectado pola suspensión da docencia presencial e as restricións á mobilidade asociadas ao estado de alarma pola COVID-19. A asignación, que foi previa a ese momento, fíxose sen incidencias, conforme ao procedemento xa establecido de anos anteriores, sobre unha oferta que representa un amplo abano de ámbitos de estudo e aplicabilidade do campo disciplinar do máster.

Posteriormente, a CT tivo que adoptar decisións relativas á avaliación telemática e a que esta se fixera, excepcionalmente, polo titor/a e non por tribunal. Para iso foi necesario habilitar procedementos que garantisen que os actos de defensa fosen públicos, así como adaptar as rúbricas de avaliación para facelas máis detalladas de cara a facilitar a homoxeneidade na aplicación dos criterios de avaliación.

Respecto dos resultados, presentouse o 79% do alumnado matriculado e aprobaron todos os presentados, con cualificacións maioritariamente de sobresaliente e notable. Como ocorreu co Prácticum, non foi posible tampouco aplicar as enquisas da CT sobre satisfacción, polo que non se dispón de datos sobre este excepcional curso académico.

Para rematar, en relación cos indicadores de **satisfacción, queixas e suxestións**, indicar que os datos de satisfacción, aos que se foi facendo mención ao tratar os distintos epígrafes deste e doutros apartados da memoria, son, en xeral, bastante satisfactorios, aínda que este curso o máis destacable é a ausencia dun número significativo de enquisas, particularmente a que de ordinario aplica, cos seus propios medios, a CT. Finalizar indicando que no curso obxecto desta memoria non se consignaron queixas nin reclamacións asociadas a esta titulación en ningunha instancia (nin na Facultade nin na Oficina de Análise de Reclamacións da USC)³².

2.3.3. Máster Universitario en Psicoxerontoloxía.

No MUPXer, é a CCI, conformada polos coordinadores do máster en todas as universidades, quen analiza a adecuación dos procesos de aprendizaxe, ensino e avaliación do título. Do seu informe de resultados, trasladado á CCC, recóllense aquí as principais conclusións:

Respecto da **admisión do alumnado e accións de captación**: Como quedou indicado en 2.2.3, todo o alumnado admitido, en todas as universidades participantes, procede de graos/licenciaturas en Psicoloxía. En canto ás accións de captación, que se realizan a final de curso, víronse interferidas pola instauración do estado de alarma. Así, as charlas destinadas a informar sobre o máster ao alumnado dos últimos cursos dos graos en Psicoloxía víronse retrasadas e, cando foron posibles, realizáronse a través de medios telemáticos.

³² Documentos 5064_INF-P-FAC-01_2019-2020 e Memoria OAR 2019-2020

Orientación académica e profesional. Si puideron organizarse, ao inicio do curso, actividades de orientación académica e de acollida aos novos estudantes, como son as presentacións iniciais do máster e as titorías individualizadas, así como xornadas sobre o rol dos profesionais da psicoloxía no campo da psicoxerontoloxía.

A **metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe** das materias ordinarias adecúase ao recollido na memoria de verificación. Nas universidades con información dispoñible (USC, USal, UV), o grao de satisfacción coa docencia é elevado, tanto coa recibida (de 4.5 na USC a 4.72 na USal, sobre 5), como coa impartida (de 3.49 na USC a 4.92 na USal, tamén sobre 5). O tamaño dos grupos, que oscila nas diferentes universidades entre 6.7 e 17, é adecuado á metodoloxía de ensino e aos obxectivos de aprendizaxe, e permite unha dinámica activa de participación nas clases por parte do alumnado. A docencia nas materias ordinarias non se viu afectada pola situación de emerxencia sanitaria pola pandemia, posto que finalizaron en febreiro.

No relativo aos **resultados de aprendizaxe das materias**, a CCI non analizou os resultados por materias, pero as taxas globais da titulación, detalladas no apdo. 2.2.3, indican que houbo un bo axuste nos resultados por materias (taxa de rendemento entre 88.6 e 100%, taxa de éxito do 100% nas catro universidades, taxa de avaliación entre o 93.3 e o 100%).

En canto ás **prácticas externas**, realízanse en centros concertados en todas as universidades que dispoñen de medios persoais e materiais adecuados. A oferta de centros é moi superior ao número de alumnas e alumnos matriculados, e por tanto poden elixir de acordo coas súas preferencias profesionais e persoais. Este aspecto da formación si que se viu moi afectado, en 2019-20, polas restricións impostas polo estado de alarma. A CCI viuse na necesidade de reprogramar as prácticas, acolléndose ao marco de flexibilidade establecido nas universidades participantes (requisito de presencialidade reducido ao 50%, ampliación do período de realización até o mes de outubro). Entre as opcións que se habilitaron estiveron: posibilidade de realizalas nos países de orixe para estudantes estranxeiros que podían retornar; posibilidade de realización telemática en centros que continuaron as súas actividades a través de teletraballo; recoñecemento de tarefas de voluntariado en contextos xerontolóxicos. Aínda así, o feito de que a pandemia, e con ela as restricións, afectase de modo particularmente intenso ás residencias e centros de día de maiores, foi necesario buscar alternativas noutros tipos de dispositivos, como centros e asociacións de corte comunitario con unidades asistenciais.

Estas complicacións están, máis que probablemente, na orixe do descenso nos indicadores de satisfacción coas prácticas externas (na USal, a satisfacción dos estudantes baixou de 4.86 o curso anterior a 3.7 este curso; na UV a satisfacción dos titores profesionais baixou de 4.15 a 3.83) ou mesmo da ausencia deles (caso da USC, na que non foi posible aplicar as enquisas).

Indicar, para rematar coas prácticas externas, que a CCI considera conveniente contar cun instrumento homoxéneo para valorar a satisfacción coas mesmas e súa calidade, de modo que se dispoña dun indicador comparable en todas as universidades participantes, para o que propón unha acción de mellora ao respecto.

OC: Promover a homoxeneidade na metodoloxía docente e de avaliación das prácticas externas (OC-3).

AM: Diseñar e aplicar un instrumento de avaliación da calidade e satisfacción prácticas externas do Máster en Psicoxerontoloxía, común ás universidades participantes, a partir dunha serie de ítems valorativos tanto cuantitativos como cualitativos. (AM_C-4).

Tamén o desenvolvemento dos **Traballos de fin de máster**, que se realizan ordinariamente no segundo semestre, se viu afectado polo estado de alarma. Acordouse flexibilizar o formato de presentación, que se puido realizar telematicamente; igualmente, se flexibilizaron os requisitos administrativos, de modo que foi posible presentalo sen ter completado as prácticas externas, e mesmo o número de convocatorias, que se ampliou a unha terceira nas universidades que habilitaron esta opción. Tamén as liñas temáticas tiveron que ser adaptadas, pois o TFM se liga

ás prácticas externas, para posibilitar avanzar nel nos casos en que as prácticas se demoraron ao mes de outubro.

Para rematar, en canto á información derivada dos **indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe**, sinalar que os datos de satisfacción dos que se dispón xa foron comentados ao longo deste epígrafe. Non hai constancia de que se formalizase ningunha queixa ou reclamación relativa á titulación en ningunha das universidades.

2.3.4. Máster Universitario en Psicoloxía.

Como xa se indicou, o MUPs iniciouse neste curso académico. Por iso, é importante sinalar o correcto funcionamento do **sistema de admisión**, na aplicación do requisito establecido na MVT de posuír unha titulación de grao en Psicoloxía, así como do mecanismo de selección, se fose o caso, por expediente académico. Como se indicou en 2.2.4, a aprobación do máster á altura do verán impediu realizar **accións de captación** específicas. Outros procesos, como o de **recoñecemento de créditos** ou os de **xestión da mobilidade**, no foi de aplicación por non haber solicitudes neste primeiro ano do máster.

A CT ocupouse da **orientación académica** do estudantado. Nos días iniciais do curso realizouse unha xornada de acollida que os asistentes valoraron positivamente (a CT aplicou unha enquisa á que respondeu o 60% dos asistentes e que resultou nun 4.66 de satisfacción global e un 4.33 de valoración da utilidade da información recibida).

En canto á **metodoloxía de ensino/aprendizaxe**, aplicouse o previsto ao efecto nos programas das materias do 1º semestre, coa única alteración do procedemento de avaliación da 2ª oportunidade (xullo) que tivo que ser adaptado a modalidade telemática. No 2º semestre, dado que o calendario académico se dispón en bloques mensuais, algunhas materias xa remataran a docencia no momento do confinamento. Nas restantes, adaptouse a metodoloxía, como xa se indicou en 2.2.4, facéndoo constar así nos programas.

Sinalar a este respecto que a CT realizou unha extensa análise da satisfacción do estudantado coa docencia recibida, da que cabe recoller aquí os aspectos máis salientables. Nas enquisas institucionais, foi destacada, como nos outros títulos, a desigual participación entre os dous semestres (76.5% no 1º, 35.3% no 2º). A media de satisfacción global foi de 4.25 no 1º semestre e de 4.3 no 2º. Ademais, nas preguntas abertas da enquisa, o estudantado consignou maioritariamente ter sido correctamente informado sobre as modificacións nos programas e nas metodoloxías docente e de avaliación que tiveron que aplicarse no 2º semestre. Tamén entre o profesorado, a satisfacción coa docencia (neste caso, impartida) foi elevada, cun valor de 4.29. Da análise das cuestións que obtiveron puntuacións máis discretas, e tamén das consideracións e suxestións formuladas nas reunións cos grupos de interese, a CT conclúe a conveniencia de propoñer diversas accións de mellora a desenvolver no curso 2020-21:

OC: Mellorar a información ao estudantado sobre os procesos académicos (OC-4).

AM: Implementar estratexias para favorecer a comunicación e a coordinación entre profesorado e estudantado do Máster en Psicoloxía, especificamente no referido aos mecanismos e tarefas relacionadas coa avaliación das materias (AM_C-6).

OC: Axustar os horarios de clase para favorecer o proceso de ensino/aprendizaxe (OC-5).

AM: Reorganizar os horarios do Máster en Psicoloxía de maneira que se limite o número de materias con docencia de cinco horas seguidas (AM_C-7).

En canto aos **resultados da aprendizaxe das materias**, tamén se poden considerar satisfactorios. A taxa de rendemento (créditos superados/matriculados) foi do 96% nas materias comúns,

93.3% nas da especialidade de PsISC e 93% nas da especialidade de PsE; nas materias comúns o 86% dos estudantes obtivo cualificacións de notable ou superior, nas de PsISC foron o 90% e nas de PsE todas as materias tiveron este mínimo de cualificación.

Rematar reiterando que este máster aínda non fora implementado na súa totalidade en 2019-20, polo que non procede dar contas relativas ás Prácticas externas e Traballo de fin de máster, que se realizan no 2º curso.

2.4. Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.

Estándar: O centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que ten que impartir docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica *versus* práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

Na Facultade de Psicoloxía, a garantía e mellora dos procesos relacionados cos recursos humanos (persoal académico e persoal de apoio) réxese polo establecido no proceso de soporte *PS-01, Xestión dos recursos humanos*, do Manual de procedementos do SGC. Neste ámbito, a Facultade non ten competencia plena nin principal, e está sometida a procesos que corresponden a instancias superiores, e que se recollen no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente o *PI-03, Xestión dos recursos humanos*.

Tal e como se sinala no SGC, á Facultade compételle avaliar a suficiencia e adecuación do persoal co que conta e as condicións en que desempeña o seu traballo. A este fin preséntanse, de seguido, os trazos principais da estrutura dos recursos humanos da Facultade de Psicoloxía en 2019-20, que non difiren substancialmente do recollido na memoria do curso previo.

2.4.1. Persoal académico.

Tendo en consideración as necesidades dos programas de estudos previstas nas respectivas memorias de verificación das titulacións oficiais adscritas á Facultade de Psicoloxía, así como o número e distribución de estudantes que as cursan, o cadro de profesorado que imparte a docencia conta cun bo nivel de **suficiencia e adecuación**.

A maioría do profesorado que imparte docencia nos programas formativos da Facultade, ten vinculación permanente: 96.05% no Grao en Psicoloxía (excluído do cómputo o Persoal Investigador en Formación), 100% no MUPXS, 80% no MUPXer e o 94.1% no MUPs.

As táboas seguintes, amosan as características deste profesorado en función de categoría, titulación e experiencia docente e investigadora.

Datos do profesorado de cada titulación por categoría³³:

GRAO PSICOLOXÍA				
PDI-Categoría	Nº prof.	%	Nº horas	%
Catedrático/a de Universidade	13	17.10	1201	16.09
Titular de Universidade	47	61.84	4751	63.65
Contratado Doutor	9	11.84	670	8.97
Axudante Doutor LOU	4	5.56	700.50	9.38
Asociado de Universidade LOU	1	1.31	48	0.64
Contratado posdoutoral Xunta	2	2.63	93.50	1.25
Total profesorado	76	100	7464	100
Persoal Investigador en Formación(*)				
Contr. Predoutoral Ministerio	10		556	
Contr. Predoutoral Xunta	8		432	
Total PIF	18		988	

(*) O persoal investigador en formación, PIF ten horas de docencia en formación, pero non ten responsabilidade docente plena, a súa docencia é supervisada por un PDI que comparte as mesmas horas, de aí que se presente de forma separada.

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA				
Categoría	Nº prof	%	Horas	% horas
Catedrático/a de Universidade	3	12	104	16.20
Titular de Universidade	15	60	353	54.98
Contratado Doutor	7	28	185	28.82
Total	25	100	642	100

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA				
Categoría	Nº prof	%	Horas	% horas
Catedrático/a de Universidade	2	13.33	80	25.40
Titular de Universidade	5	33.33	122	38.73
Contratado Doutor	3	20	63	20
Asociado de Universidade LOU	1	6.67	7	2.22
Axudante Doutor LOU	1	6.67	18	5.71
Profesor área externa	1	6.67	18	5.71
Profesional área externa	2	13.33	7	2.22
Total	15	100	315	100

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA				
Categoría	Nº prof	%	Horas	% horas
Catedrático/a de Universidade	5	14.1	116.50	17.98
Titular de Universidade	15	44.12	272	41.98
Contratado Doutor	4	11.76	54	8.33
Profesor Emérito LOU	1	2.94	21	3.24
Axudante Doutor LOU	3	8.82	98.50	15.20
Profesor área externa	5	14.71	75.50	11.65
Profesional área externa	1	2.94	10.50	1.62
Total	34	100	648	100

³³ Documentos 2500462_E15_2019-2020, 4314481_E15_2019-2020, 4314476_E15_2019-2020, MUP_E15_2019-2020. A información das táboas pode non coincidir coa que figura neses documentos debido a que aquí se presenta corrixida para diferenciar o profesorado con plena capacidade docente daquelas figuras que poden participar na docencia con finalidade formativa (persoal investigador en formación, PIF / contratados predoutorais).

Experiencia docente e investigadora do profesorado³⁴:

Un indicador do nivel de cualificación do profesorado responsable dos programas formativos é a súa experiencia docente e investigadora, indicada polo recoñecemento de complementos por méritos docentes (quinquenios) e investigadores (sexenios) do profesorado permanente. Nos cadros seguintes detállanse estes indicadores para as titulacións incluídas nesta Memoria; a información organízase por áreas de coñecemento, o que permite, ademais, visualizar a distribución do profesorado entre ás áreas de coñecemento directamente vinculadas coas titulacións:

GRAO EN PSICOLOXÍA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	5	18	28
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	16	42	75
[725] Psicobioloxía	14	40	59
[730] Psicoloxía Básica	13	21	70
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	8	22	42
[740] Psicoloxía Social	9	10	25
[743] Psicol. Organiz., Xurídica Forense e Metodoloxía	11	29	46
Total PDI	76	182	345
Ratio por profesor/a		2.2	4.2

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	4	13	22
[650] Organización de Empresas	1	0	4
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	15	44	72
[725] Psicobioloxía	5	14	22
Total	25	71	120
Ratio por profesor/a		2.8	4.8

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA (USC)

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[383] Filosofía Moral	1	3	6
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	1	4	4
[725] Psicobioloxía	3	9	16
[735] Psicoloxía Evolutiva e da Educación	3	7	10
[743] Psicol. Organiz., Xurídica Forense e Metodoloxía	1	0	2
[745] Psiquiatría	2	2	6
[805] Teoría e Historia da Educación	1	0	4
[P2171] Área externa á USC	3	n.d.	n.d.
Total	15	25	48
Ratio por profesor/a		1.6	3.2

³⁴ Documentos 2500462_E15_2019-2020, 4314481_E15_2019-2020, 4314476_E15_2019-2020, 4315196_E15_2019-2020

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA

Área	Nº profs	Experiencia investigadora	Experiencia docente
[345] Filoloxía Inglesa	1	4	6
[620] Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	4	15	22
[680] Personalidade, Avaliación e Ttmtos. Psicolóxicos	3	7	10
[725] Psicobioloxía	1	2	2
[730] Psicoloxía Básica	10	17	47
[740] Psicoloxía Social	8	10	25
[805] Teoría e Historia da Educación	1	0	3
[P3411] Área externa á USC	6	n.d.	n.d.
Total	34	55	115
Ratio por profesor/a		1.6	3.3

A seguinte táboa dá conta da porcentaxe de profesorado funcionario, profesorado doutor e profesorado con sexenios que imparten docencia en cada unha das titulacións impartidas na Facultade de Psicoloxía, e a comparativa coa media da USC e coa media da área disciplinar á que están adscritas as titulacións (Ciencias da Saúde ou Ciencias Sociais)³⁵.

COMPARACIÓN DE INDICADORES COA MEDIA DA USC E DA ÁREA DISCIPLINAR

% sobre o PDI total	Graos			Másteres			
	USC	CC Saúde	Psic	USC	CC Saúde	MUPXS	MUPXer
PDI con sexenio	84.72	89.66	91.43	88.97	91.18	91.67	80.00
PDI doutor	83.73	82.51	100	89.94	95.81	100	92.31
PDI funcionario	58.76	53.52	80.00	61.35	64.02	70.83	53.85

% sobre o PDI total	Másteres		
	USC	CC Soc	MUPs
PDI con sexenio	88.97	78.75	90.91
PDI doutor	89.94	77.98	100
PDI funcionario	61.35	45.35	70.00

Para o caso do MUPXer, engádesse unha táboa con estes datos para as catro universidades:

MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA				
% sobre o PDI total	UB	USal	USC	UV
PDI con sexenio	n.d.	60	80.00	68.5
PDI doutor	84.6	100	92.31	60
PDI funcionario	76.9	61.5	53.85	50

Outra información útil para valorar a experiencia investigadora do cadro de PDI é o rexistro de investigadores da Vicerreitoría con competencias nesta materia. Nas súas bases de datos están

³⁵ Documento 5064_Panel_medias_Grao_Mast_2019-2020. Indicar que neste caso non se dispón da información necesaria para excluír do cómputo ao PIF, polo que as porcentaxes que se presentan están infraestimadas en todos os casos, con respecto ás que representan sobre o profesorado con plena responsabilidade docente.

rexistrados 10 grupos de investigación que aglutinan a máis de 60 profesores/as dos departamentos adscritos á Facultade de Psicoloxía que imparten docencia nas súas titulacións.

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DOS DPTOS. ADSCRITOS Á FACULTADE DE PSICOLOXÍA		
Código	Nome	Nº membros PDI Fac. Psicoloxía
GI-1414	Avaliación e tratamento das adicións, trastornos alimentarios, do estado de ánimo e psicoloxía da saúde	5
GI-1416	Unidade de investigación das conductas de risco e os trastornos no desenvolvemento	12
GI-1420	Problemas sociais: Análise, avaliación e intervención	7
GI-1455	Grupo de investigación en Cognición Humana	5
GI-1456	Comportamento Social e Psicometría Aplicada	7
GI-1462	Imaxe Mental	1
GI-1806	Grupo de Investigación en Neurociencia Cognitiva e Afectiva.	10
GI-1807	Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía	15
GI-1842	Procesos cognitivos e conduta	8
GI-1875	Aspectos evolutivos e intervención psicoeducativa	6

En relación coa **suficiencia do cadro de profesorado**, no caso do GPs é, en promedio, adecuada. A dotación permite unha organización docente cunha media de 87.9 estudantes por grupo de docencia expositiva nas materias obrigatorias moi aproximada ao previsto na MVT, de 80 estudantes por grupo; nas materias optativas a media é de 56.6 estudantes por grupo. No caso da docencia interactiva, a media de estudantes por grupo (21) é lixeiramente inferior á do curso 2018-2019 (22.2), e tamén está próxima aos 20 previstos na MVT³⁶, non obstante este dato medio non se axusta a realidade nalgunhas materias nas que o número de estudantes se sitúa por riba dos 25 por grupo, debido á que, en certas áreas de coñecemento, aínda é insuficiente dotación de profesorado.

No caso das *ratios* dos másteres tamén se axustan ao establecido nas MVT; non obstante no caso do MUPXS hai algúns grupos de clases interactivas que superan os 20 estudantes.

En canto á **tipoloxía de profesorado que imparte docencia nos diferentes niveis**, para o caso do Grao, a seguinte táboa amosa a asignación de profesorado por cursos³⁷. Dado que en 1º todas as materias son de formación básica e en 2º e 3º son todas obrigatorias, pódese ver nela que a distribución, por cursos e tipos de materias é equilibrada en canto a categorías; así mesmo, a práctica totalidade do profesorado da titulación ten encargo na titorización de prácticas externas e TFG.

	CATEGORÍA DE PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA NOS DISTINTOS NIVEIS DO GRAO EN PSICOLOXÍA				
	CU	TU	CDR	AXUDR	Outros (ASO, postdoc)
1º curso	2	18	4	1	1
2º curso	7	14		2	-
3º curso	2	17	3	3	1
4º curso	3	7	5	3	1

No caso dos másteres, a situación é similar, con profesorado de todas as categorías con responsabilidade en materias obrigatorias e optativas e titorización de TFM e prácticas externas

No relativo á **formación do profesorado e a mobilidade**, o PDI da Facultade de Psicoloxía participa de modo habitual no [Programa de formación e innovación docente \(PFID\)](#), se ben as

³⁶ Documento 5064_Panel_medias_Grao_Mast_2019-2020

³⁷ Documento 2500462_E15_2019-2020

porcentaxes varían considerablemente de ano a ano; na táboa seguinte se presentan os datos dos tres últimos cursos³⁸.

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PDI DAS TITULACIÓNS NOS PLANS DE FORMACIÓN

Titulación	2017-18	2018-19	2019-20
Grao en Psicoloxía	21.6	24.4	47.4
MUPXS	23.8	33.3	58.3
MUPXer	16.7	40.0	62.5
MUPsicoloxía	n.a.	n.a.	44.7

En todo caso, no curso 2019-20, a necesidade de modificar a metodoloxía docente e de avaliación para adaptala a modalidade telemática de modo súpeto e imprevisible, puxo de manifesto limitacións na capacitación de parte do profesorado no manexo das ferramentas necesarias (que até ese momento non precisara na súa actividade docente) e da especificidades didácticas desta modalidade de ensino/aprendizaxe. Por iso, da análise realizada por varias CT e directamente pola CCC derivase o interese de mellorar a formación neste aspecto.

OC: Mellorar a capacitación do profesorado no manexo das TIC para a docencia (OC-7).

AM: Solicitar e propor actividades de formación sobre manexo das tecnoloxías da información e da comunicación para a docencia e a avaliación (AM_C-10).

A mobilidade e as estadías de investigación son outra vía que o profesorado universitario utiliza para manterse actualizado, principalmente no plano investigador. Na actualidade, a porcentaxe de PDI que realiza este tipo de accións é moi baixa, o cal se atribúe, en boa medida, a que o calendario académico non deixa ningún período significativo libre de actividades lectivas, o que dificulta a súa realización.

En síntese, o persoal académico da Facultade de Psicoloxía é suficiente e adecuado para atender ás necesidades dos programas de estudos, e conta con posibilidades de formación continuada no ámbito docente. Sinalar, non obstante, que o cadro de PDI presenta unha elevada idade media (56 anos, con máis do 30% do profesorado con 60 ou máis anos), e hai un número importante de xubilacións previstas nos próximos anos. Corresponde aos Departamentos, órganos coa responsabilidade neste ámbito, demandar a necesaria renovación do cadro de persoal que, aínda que lentamente, parece empezar a producirse (4 contratos de axudante doutor nos últimos 3 anos).

En canto á **satisfacción, queixas e suxestións do PDI**, o informe de satisfacción deste persoal coa docencia que imparte (único indicador dispoñible de satisfacción co traballo) é bo, con puntuacións superiores a 4 sobre 5 (desde 4.16 no GPs até 4.74 no MUPXer)³⁹. En canto á satisfacción do PDI que participou en actividades de formación do PFID non se dispón de datos desagregados, pero a valoración media do conxunto do PDI da USC sobre a formación recibida nestes cursos tamén recibe unha valoración superior a 4 en todos os ítems, cunha taxa de resposta do 50%⁴⁰.

2.4.2. Persoal de apoio.

A **dotación de Persoal de administración e servizos (PAS)**, na Facultade de Psicoloxía está configurada por un cadro bastante estable, con 25 persoas en tarefas de servizos e administración⁴¹, cuxa distribución se pode apreciar na táboa seguinte. É importante indicar

³⁸ Documento 5064_I6-17_2019-2020 e anteriores

³⁹ Indicador IN47, en documentos [códigotítulo]_P.Ind__2019-2020

⁴⁰ 5064_INF.10_2019_2020

⁴¹ Documento 5064_E16_2019-2020

que, tanto o persoal de conserxería como o de biblioteca presta servizos conxuntamente ás Facultades de Psicoloxía e de Ciencias da Educación. Sinalar tamén que non se conta con persoal técnico de apoio directo á docencia.

PERSOAL DE APOIO. FACULTADE DE PSICOLOXÍA, 2017-18

Área	Categoría / Grupo	Nº postos
Administración	Xestión / Grupo A1/A2	1
	Administración / Grupo C1/C2	6
Biblioteca	Axudante de Arquivos, Bibliotecas e Museos / Grupo A1/A2	6
	Auxiliar de Arquivos, Bibliotecas e Museos / Grupo C1	5
Conserxería	Oficial de servizos / Grupo 4.1	5
	Auxiliar Técnico Informático / Grupo 4.1	1
Total		24

Un ano máis, é de destacar a boa disposición do PAS da Facultade. En particular a especial implicación do persoal da Biblioteca do Centro en tarefas de apoio directo aos programas formativos. Este persoal colabora con actividades de formación dos/das estudantes en competencias de busca e selección de información bibliográfica; ademais, realiza anualmente a revisión da bibliografía recomendada nos programas das materias para asegurar a súa dispoñibilidade, e participa activamente na presentación dos servizos da Biblioteca a potenciais futuros estudantes no marco das xornadas de portas abertas.

Igual que no caso do PDI, a **formación do PAS** conta cun [programa de formación](#) estable, e os datos indican unha notable participación do persoal da Facultade de Psicoloxía. Se ben, como ocorre co persoal académico, esta participación ten unha certa variabilidade ao longo dos anos, determinada pola tipoloxía dos cursos ofertados: 55% en 2017-18, 70% en 2018-19, 54% en 2019-20 (a pesar da suspensión destas actividades a partir do mes de marzo). Como no caso do PDI, as enquisas de satisfacción sobre as actividades de formación non está desagregada por centros; para o conxunto da universidade cunha taxa de resposta do 51%, acadou, este curso, un 7.6 sobre 10⁴².

Por último, en relación coa **satisfacción, queixas e suxestións do PAS**, este ano no se dispón de datos no indicador de satisfacción (IN49), debido a que non se administrou a enquisa.

⁴² Documento 5064_INF.11_2019-2020

2.5. Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.

Estándar: O centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencial e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

2.5.1. Infraestruturas e recursos materiais

A Facultade de Psicoloxía dispón de infraestruturas e recursos materiais adecuados e suficientes para as necesidades das titulacións que nela se organizan. Os [espazos físicos](#) de que dispón para docencia son, esencialmente: 11 aulas de propósito xeral, de 98/100 postos (unha delas de 150), 4 aulas-seminarios de propósito xeral de 20-25 postos, 10 aulas de prácticas específicas (laboratorios docentes) de 20-25 postos, unha sala de lectura e varios locais para titorías e traballo en grupo. A súa dotación (equipamento, conectividade) pódese ver na ficha de cada local na ligazón indicada arriba. A estes recursos hai que sumar os documentais (biblioteca) e informáticos (campus virtual) que se comentan máis adiante. Os espazos de traballo dispoñibles para o persoal docente e investigador permiten, no momento actual, contar con despachos individuais para todo o PDI e diversos despachos compartidos para o persoal investigador en formación.

A sistemática para a xestión e mantemento destes recursos recóllese no proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* do Manual de Procedementos do SGC. Contando cunha dotación adecuada, o que se require é un correcto mantemento e unha renovación e substitución periódica de equipos que vaian quedando obsoletos, ao que se engade a detección de novas necesidades. Para isto planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles. O PMA para 2019-20 recollía varias accións, vinculadas aos obxectivos de calidade OC-9, OC-10 e OC-11, que foron executadas conforme ao previsto: terceira fase de dotación de tomas de corrente nas aulas (AM_C-9); reforzamento da cobertura da rede sen fíos para atender ao incremento de uso (AM_C-10); continuidade da renovación progresiva de equipos informáticos, audiovisuais e de laboratorio para a docencia (AM_C-11), e colocación de taquillas para o alumnado nas zonas de aulas (AM_C-12).

O curso 2019-20 supuxo, tamén en materia de infraestruturas e equipamentos, un punto e aparte respecto de anos previos. A necesidade, súpeta e imprevista, de desenvolver a actividade docente de modo non presencial a partir do 15 de marzo, atendeuse como se puido, facendo uso en boa medida de equipos propios do PDI e, durante o confinamento, desde o seu domicilio. Afortunadamente, a USC contaba con ferramentas de videochamada/videoconferencia a dispor do seu persoal e do estudiantado, cuxo uso puido ser activado de inmediato, só condicionado pola dispoñibilidade de conectividade nos domicilios e pola limitada experiencia dos máis dos axentes no seu uso.

A USC puxo en marcha de modo case inmediato un programa de axudas á conectividade do seu estudiantado, mediante bolsas e axudas para contratación ou mellora de conexión a internet e mediante a adquisición de ordenadores portátiles para préstamo. Obviamente, a pesar da inmediatez da acción e de facer uso do procedemento de urxencia, os recursos non estiveron dispoñibles tan pronto como tería sido desexable, debido tanto as rixidas normas de contratación das administracións públicas, como as tensións no mercado polo pico de demanda e as dificultades de mobilidade internacional de mercancías.

Alén destas axudas ao estudiantado, a USC interveu tamén para facilitar o acceso desde os domicilios aos recursos que, por norma xeral, se garantían dentro das instalacións universitarias: ampliación da conectividade VPN para poder traballar directamente nos ordenadores dos despachos e laboratorios; contratación de novas condicións coas editoriais científicas para posibilitar o acceso a recursos bibliográficos electrónicos desde o domicilio ao estudiantado; contratación con provedores de software científico e académico para o seu uso tamén desde as casas.

Ademais desta atención ás necesidades imprevistas do curso 2019-20, que consideramos destacable pola súa magnitude e celeridade, desta experiencia derivouse a identificación de necesidades de cara ao futuro. Cómpre indicar que a situación non era mala: as accións de mellora que se viñeron desenvolvendo até ese curso 2019-20 demostráronse atinadas para atender aos novos retos que agora se formulan, no marco de similares obxectivos de calidade. Particularmente, as accións relativas á dotación de tomas de corrente para os postos de clase, o reforzamento da rede sen fíos e a renovación de equipos informáticos, que se viñan adoptando desde hai anos de modo progresivo e continuado, sitúan á Facultade de Psicoloxía nun moi razoable punto de partida.

Así, para o plan de melloras anual de cara a 2020-21 pódese considerar a dotación de equipamento que permita desenvolver a actividade docente presencial por vía telemática en simultáneo coa das aulas, e que facilite a conectividade e o traballo online na propia aula, cun custe moito menor que se non se tivera atendido a este tipo de infraestruturas en cursos previos. Abóndase, así, no obxectivo de manter unha dotación adecuada de equipamento e de infraestruturas de conectividade, que permitirá, neste caso, un avance cualitativo no tipo de recursos dispoñibles.

Deste modo agárdase, para 2020-21, completar definitivamente a instalación de tomas de corrente nas aulas e dotar do equipamento necesario para desenvolver a docencia en remoto desde as mesmas, tanto para o caso de que sexa necesario retomar a actividade non presencial como para o caso en que se precise habilitar espazos que permitan a docencia semipresencial co óptimo distanciamento de seguridade entre o alumnado nas aulas (sistema de aulas-espello).

OC: Dispoñer de infraestrutura adecuada para o uso das TIC na docencia, sexa en modalidade presencial, semi-presencial ou non presencial (OC-9).

AM: Completar a dotación de tomas de corrente nas aulas e laboratorios docentes (AM_C-12).

AM: Instalar os sistemas de cámara e de son necesarios para desenvolver a docencia en remoto desde as aulas, nas aulas de propósito xeral de maior número de postos (AM_C-13).

OC: Manter unha dotación adecuada de equipamento para a docencia (OC-8).

AM: Continuar coa renovación progresiva, segundo necesidades e dispoñibilidade orzamentaria, de equipos informáticos, audiovisuais e de laboratorio para a docencia (AM_C-11).

Rematar, respecto da adecuación das infraestruturas e equipamentos da Facultade con tres cuestións:

É necesario atender en relación coas infraestruturas, a dous aspectos normativos: No referente á **acesibilidade universal**, como se vén sinalando cada ano, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Pero, un ano máis, segue a haber lugar para a mellora en canto a facilitar, para as persoas con mobilidade reducida, a plena integración nas dinámicas de ensino-aprendizaxe. Ese foi o motivo polo cal se programou, no PMA do curso 2019-20, unha acción (AM_C-13) vinculada ao obxectivo de calidade OC-11, consistente na 2ª fase da adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida. Sen embargo, non foi posible acometela debido ao recorte no crédito dispoñible, ao ter que derivar boa parte dos fondos a necesidades urxentes derivadas da emerxencia pola COVID-19. Así, considérase necesario retomala no curso 2020-21.

OC: Dispor de espazos que atendan ás necesidades do estudiantado (OC-10).

AM: Adaptación de postos para persoas con mobilidade reducida en todas as aulas (2ª fase) (AM_C-14).

En segundo lugar cómpre referirse á obrigatoriedade de manter a adecuación dos espazos e infraestruturas ao establecido polas normativas de **seguridade no traballo**. Neste sentido, o [plan de autoprotección](#) da Facultade revísase periodicamente e mantense actualizado conforme á normativa de aplicación e ao que determina o [Servizo de prevención de riscos laborais](#). De acordo co máis recente deses informes, a Facultade non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas.

E, por último, débese facer referencia aos **indicadores de satisfacción** dos usuarios. Os resultados das enquisas de satisfacción corroboran que os espazos docentes da Facultade son adecuados. En concreto, a valoración do PDI é 4.14, a do alumnado de 2.92 e a das/os egresadas/os de 3.18 sobre 5 puntos. Aínda que nestes dous últimos colectivos o grao de participación non supera o 8%, as puntuacións obtidas son superiores á media xeral da USC⁴³. Ademais das enquisas, o estudiantado traslada a súa percepción de necesidades neste ámbito a través das reunións cos delegados e representantes de estudantes, ou directamente no Decanato da Facultade e, cando procede, as súas propostas se integran na planificación anual de gasto.

2.5.1. Servizos

En canto aos **servizos**, os máis directamente vinculados co desenvolvemento dos programas formativos, de entre todos os servizos xerais da USC, son, sen dúbida, o **Campus Virtual e a Biblioteca**.

O [Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe](#) da USC sustenta o deseño, apoio e mantemento do **Campus Virtual**, baseado na plataforma Moodle. É importante salientar o relevante papel xogado polas ferramentas dispoñibles no Campus Virtual para dar soporte á implantación da docencia telemática e do sistema de avaliación en remoto, tras a declaración da emerxencia

⁴³ Datos correspondentes ao Grao en Psicoloxía, titulación que conta co maior número de membros neses tres colectivos; documentos 2500462_INF.23_2019-2020, 2500462_INF.22_2019-2020, 2500462_INF.09_2019-2020

sanitaria. Neste curso, a valoración do estudantado sobre a utilidade desta ferramenta só se conseguiu recoller para o Grao en Psicoloxía, e aínda neste caso cunha taxa de participación baixa (7.79%), e presentou un resultado de 3.62 puntos sobre 5. O profesorado de todas as titulacións valóralo con medias superiores a 4 (GPs: 4.40; MUPXer: 4; MUPXS: 4.71; MUPs:4.46). Na enquisa do profesorado, de satisfacción coa docencia impartida, este ano incluíuse unha pregunta especificamente adaptada á situación COVID (*“Estou satisfeito coas ferramentas, instrumentos e canais postos á miña disposición para desenvolver a docencia na situación imprevista derivada da crise sanitaria”*), que acadou puntuacións medias superiores ao 3.5 (GPs: 3.86; MUPXS: 4.5; MUPs: 3.88), polo que se pode inferir unha satisfacción razoable por parte do profesorado⁴⁴.

Polo que respecta á **biblioteca universitaria**, a sección da Facultade ([Biblioteca Intercentros de Psicoloxía e CC. da Educación](#)) conta cun amplo fondo documental en acceso directo. Este fondo é adecuado para atender aos programas formativos, toda vez que o persoal da Biblioteca se ocupa cada ano, antes de comezar o curso, de verificar, e no seu caso completar, a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións do Centro. A isto únese a dispoñibilidade de bases de datos e publicacións electrónicas. Como xa se indicou máis arriba, na segunda parte do curso 2019-20 fíxose un importante esforzo para que a maior parte destes recursos electrónicos fosen accesibles desde fóra das instalacións universitarias mediante servizos de autenticación de usuarios. A pesar deste esforzo, débese recoñecer que non chegamos a alcanzar a mesma cobertura que había en fondos impresos para todas as materias do 2º semestre, debido ás limitacións de tempo, recursos económicos e mesmo dispoñibilidade dese formato de edición. A mediados do mes de xuño repúxose, se ben con limitacións importantes relativas ao aforo e ao uso compartido de obxectos, o acceso aos servizos físicos de lectura en sala, préstamo a domicilio, préstamo interbibliotecario, fotodocumentación e xestión de adquisición de obras impresas.

A satisfacción co servizo de biblioteca valórase nas enquisas que se aplican aos egresados; en 2019-20, como xa se ten sinalado en apartados anteriores, esta enquisa non foi aplicada, polo que non se conta con datos. En canto ao profesorado, o alto grao de satisfacción xeral cos servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo) reflicte en boa medida a adecuación dos mesmos para o desenvolvemento das materias (GPs: 3.76; MUPXer: 4.71; MUPXS: 4.33; MUPs: 4.20).

Outros servizos importantes son os de orientación e acollida e os de xestión académica. No caso dos **servizos de orientación e acollida**, e á marxe das actividades que se realizan no marco de cada titulación (ver apdo. 2.3), a USC conta con diversos **servizos xerais** para estas funcións. Entre eles destaca o [programa 'A Ponte'](#) (ao que xa se fixo tamén referencia máis arriba, en 2.3.1). Cóntase tamén co [Servizo de participación e integración universitaria \(SEPIU\)](#), que identifica as demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo; a [Área de orientación laboral e emprego](#), dirixida a orientar aos/ás estudantes para a incorporación ao mercado laboral, no tramo final de estudos, e o [Servizo de axudas e servizos ao alumnado](#), responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. A [Oficina de información universitaria \(OIU\)](#) orienta aos estudantes sobre todos estes servizos e os dirixe a uns ou outros en función das necesidades⁴⁵.

⁴⁴ Documentos 2500462_INF.22_2019-2020, 2500462_INF.23_2019-2020, 4314481_INF.23_2019-2020, 4314476_INF.23_2019-2020, 4317022_INF.23_2019_2020, 2500462_INF.14_2019-2020, 4314481_INF.14_2019_2020, 4317022_INF.14_2019_2020.

⁴⁵ A satisfacción coa OIU recóllese no informe de satisfacción de egresados (INF_09) que, como xa se ten indicado, non está dispoñible para este curso.

Para atender á **xestións académicas** dos e das estudantes, a USC conta cun servizo centralizado para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC, o denominado, [Servizo de xestión académica](#). As súas unidades son as que se encargan da tramitación, e tamén da información, en materia de matriculación, recoñecementos e validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos, etc. O servizo está dispoñible por vía telemática a través da Secretaría Virtual do Alumno, o que permite realizar calquera trámite as 24 horas do día desde calquera lugar. Este ano non contamos con indicadores de satisfacción. Os procesos que xestiona este servizo recibiron 7 reclamacións por estudantes da Facultade, todos relativos a recoñecemento de créditos (só 1 delas estimada, 2 estimadas parcialmente, 3 desestimadas e 1 inadmitida), e 3 queixas relacionadas con estes mesmos procesos e tamén cos de matrícula, todas elas desestimadas. Habida conta do número de estudantes matriculados e a cantidade de trámites que xestiona ese servizo, considérase un nivel de incidencias moi cativo. Sinalar que este servizo de xestión académica se complementa, a nivel do ámbito específico da Facultade coa **Unidade de xestión do Centro**. Esta unidade atende a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras), e supón un punto de atención e contacto máis próximo ao estudantado.

Por último, nesta parte dos servizos xerais, sinalar a dispoñibilidade da **administración electrónica da USC**, que facilita a relación administrativa coa institución por vía exclusivamente telemática ao persoal, estudantado e calquera outro grupo de interese (taboleiro-e, ferramenta de sinatura-e, rexistro-e, servizo de notificacións e consulta de expedientes administrativos-e, etc.).

Para rematar, facer referencia ás **instalacións nas que se realizan prácticas externas**, que se consideran, a efectos dos procesos de calidade, como parte dos recursos materiais e servizos. En 2019-20, a Facultade de Psicoloxía conseguiu 22 convenios de prácticas máis, que sumados aos xa existentes suma un total de 306 convenios que cobren 384 dispositivos. Deste xeito, dispónse dun número de prazas suficientes para garantir a supervisión profesional individualizada de cada estudante nunhas condicións axeitadas e cunha certa capacidade de elección. En total, ofrécese anualmente en torno a 235 prazas de Prácticum para o alumnado de Grao e 80 prazas para o alumnado dos másteres, que abranguen todas as áreas de intervención e exercicio profesional da Psicoloxía.

Durante o curso 2019-20, a realización das prácticas externas nestes centros quedou suspendida pola COVID-19 até que se avanzou na chamada “desescalada”, a partir do mes de xuño, e algúns dispositivos tiveron que ser retirados da oferta, ben por manter suspendida a súa actividade (centros de día para maiores, escolas...), ben por estar en condicións de extrema vulnerabilidade (residencias de maiores, unidades hospitalarias). Nos dispositivos que seguiron admitindo estudantes en prácticas estas se realizaron contando con todas as medidas sanitarias esixidas para os profesionais, que se aplicaron igualmente aos/ás estudantes en prácticas.

2.6. Directriz 6. Información pública.

Estándar: O centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia e utilidade da información pública.

O proceso de soporte *PS-06, Información pública*, do SGC establece como se realiza a xestión da información pública da Facultade de Psicoloxía, co obxectivo de garantir que toda a información relevante das titulacións que se imparten no Centro se fai pública, se revisa periodicamente e se actualiza co fin de manter informados aos grupos de interese.

A canle principal para facer pública esta información é a web institucional, que se organiza en varios niveis axustados ás necesidades dos diferentes grupos de interese. Nela está dispoñible toda a información que se relaciona na [Táboa de Información mínima a publicar](#), anexa ao manual do SGC que se revisa, e de ser o caso se actualiza, anualmente.

A información máis xeral, para diversos grupos de interese (esencialmente futuros estudantes, pero tamén calquera persoa interesada na oferta de estudos da Universidade) está accesible desde a páxina principal da Universidade.

A nivel da Facultade, mantense o contido informativo máis enfocado aos grupos de interese internos á organización (estudantes, profesorado e PAS, cun punto específico tamén para titores de Prácticum), que son o que acoden prioritariamente ao sitio web do Centro. Neste nivel preténdese atender ás necesidades de información do alumnado no día a día ao longo dos seus estudos, no que denominamos “guía académica” dos títulos. A elas accédese desde a pestana “Información académica” e conteñen toda a información relevante para o desenvolvemento dos estudos (horarios, contacto do profesorado, información sobre Prácticum e TFG, mobilidade, programas das materias, plan de acción titorial). Esta información actualízase antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo) para que o estudantado conte coa información académica necesaria para tomar as súas decisións sobre a matrícula. Co obxectivo de manter unha trazabilidade, particularmente para os procesos de avaliación institucional, pódese tamén acceder á información dos cursos precedentes.

A información relativa ao Sistema de Calidade (política de calidade, manuais do sistema, táboas de indicadores, memorias de calidade, plans de melloras) están publicados na web da Facultade, no sitio ‘Calidade’, e, complementariamente, para as cuestións que son xerais da Universidade (plan estratéxico da universidade, procesos institucionais, plan de auditorías, planificación anual das enquisas) na web da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC, principalmente nas seccións ‘Sistemas de Garantía de Calidade’ e ‘Satisfacción dos grupos de interese’.

Por último, a información relativa aos acordos da CCC, e tamén das CT, publícase na web da Facultade, no sitio ‘A Facultade - Órganos colexiados’, nas ligazóns correspondentes a cada unha destas comisións.

3. Plan de Melloras Anual da Facultade de Psicoloxía, 2020-21.

3.1. Obxectivos de calidade e accións de mellora relacionadas.

No PMA que se detalla a seguir defínense 11 obxectivos de calidade e 15 accións de mellora relacionadas con eles.

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-1. Mellorar os programas formativos para adaptalos ás demandas sociais.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Actualizar e adaptar os programas formativos para dar resposta ás demandas e retos da profesión e do contorno social e económico		
Procesos chave relacionados	PC-05 - Análise de resultados e mellora dos programas		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-1. Incrementar a optatividade na especialidade de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria do Máster en Psicoloxía		
Indicador/es de medición	Novas materias optativas	Meta a conseguir:	1 nova materia optativa

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-1
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Análise causa	A ratio de optatividade da especialidade de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria do Máster en Psicoloxía foi restrinxida no deseño inicial do máster, e neste momento hai posibilidade de incorporar unha materia, dun perfil que non estaba presente.
Definición/ descrición proposta	Incrementar a optatividade na especialidade de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria do Máster en Psicoloxía.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-2. Dispoñer de datos sobre inserción laboral dos egresados.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados dos títulos da Facultade		
Procesos chave relacionados	PC-05 - Análise de resultados e mellora dos programas		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-2. Aplicar unha enquisa de inserción laboral aos egresados do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria		
Indicador/es de medición	Aplicación da enquisa	Meta a conseguir:	Datos de empregabilidade

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM_C-2
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.
Análise causa	Os datos de empregabilidade proporcionados por organismos externos (SIU, ACSUG) non teñen a periodicidade ou o nivel de concreción necesarios.
Definición/ descrición proposta	Aplicar unha enquisa de inserción laboral aos egresados do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Xosé Antón Gómez Fraguela

OBJECTIVO DE CALIDADE			
OC-3. Promover a homoxeneidade na metodoloxía docente e de avaliación das prácticas externas.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais.		
Procesos chave relacionados	PC-04. Desenvolvemento das ensinanzas.		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-3. Elaborar un documento sobre as funcións dos titores académicos do Prácticum do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.		
Indicador/es de medición	Existencia do documento-guía	Meta a conseguir:	Mellora da satisfacción do estudantado coa titorización académica das prácticas externas
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-4. Diseñar e aplicar un instrumento de avaliación da calidade e satisfacción prácticas externas do Máster en Psicoxerontoloxía, común ás universidades participantes, a partir dunha serie de ítems valorativos tanto cuantitativos como cualitativos.		
Indicador/es de medición	Existencia e aplicación do instrumento	Meta a conseguir:	Mellora da homoxeneidade na valoración das prácticas externas entre todas as universidades participantes

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-3
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21.
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Pese a alta valoración media do practicum por parte do alumnado, teñense detectado en casos puntuais algunhas queixas debido a falta de concreción das tarefas relacionadas coa titorización académica das practicas.
Definición/ descrición proposta	Elaborar un documento sobre as funcións dos titores académicos do Prácticum do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Xosé Antón Gómez Fraguela

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-4
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21.
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Non existe información homoxénea sobre a valoración das prácticas externas entre as catro universidades participantes, polo que se precisa un instrumento consensuado para ter indicadores homologados.
Definición/ descrición proposta	Deseñar e aplicar un instrumento de avaliación da calidade e satisfacción prácticas externas do Máster en Psicoxerontoloxía, a partir dunha serie de ítems valorativos tanto cuantitativos como cualitativos.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	David Facal Mayo

OBJECTIVO DE CALIDADE			
OC-4. Mellorar a información ao estudiantado sobre os procesos académicos.			
Obxectivo estratéxico relacionado	Facilitar a integración do estudiantado na Facultade e no seu funcionamento.		
Procesos chave relacionados	PC-03. Apoio a estudantes		
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-5. Mellorar a información sobre os centros de prácticas para os alumnos do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.		
Indicador/es de medición	Accións informativas	Meta a conseguir:	Mellora da satisfacción do estudiantado en relación coa información do Prácticum
Acción de mellora relacionada (Código)	AM_C-6. Implementar estratexias para favorecer a comunicación e a coordinación entre profesorado e estudiantado do Máster en Psicoloxía, especificamente no referido aos mecanismos e tarefas relacionadas coa avaliación das materias.		
Indicador/es de medición	Accións informativas	Meta a conseguir:	Mellora da satisfacción do estudiantado en relación coa información das materias

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-5
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	A información sobre os centros de practicas está accesible a traves de enlaces ás páxinas web dos centros colaboradores (https://www.usc.es/gl/titulacions/masters_oficiais/mupxs/practicas_centros.html) pero algúns estudantes demandan a concreción do tipo de tarefas que se suelen facer nas prácticas realizadas nes centros

Definición/ descrición proposta	Mellorar a información sobre os centros de prácticas para os alumnos do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Xosé Antón Gómez Fraguela

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM_C-6
Orixe	Memoria de Calidade do Centro, 2020-21
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	Valoración do estudantado respecto da información sobre os criterios de corrección de exames e traballos nas enquisas de satisfacción coa docencia.
Definición/ descrición proposta	Implementar estratexias para favorecer a comunicación e a coordinación entre profesorado e estudantado do Máster en Psicoloxía, especificamente no referido aos mecanismos e tarefas relacionadas coa avaliación das materias.
Datas	Finalización: 31/07/2021/ Inicio: 01/09/2020
Responsables	Lourdes Mirón Redondo

OBXECTIVO DE CALIDADE			
OC-5. Axustar os horarios de clase para favorecer o proceso de ensino/aprendizaxe.			
